


# cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



Primavera 2004 • Número 41 • 3 €

transporte: solucións no rural • encoros no Ulla • bicicleta • o mago Antón  
enerxia: o futuro incerto da humanidade • 500 días de Prestíge



URBANISMO



# O MEDIO AMBIENTE, PATRIMONIO DE TOD@s



O Concello de Lugo está a facer un intenso esforzo por mellora-lo seu patrimonio, e tamén a calidade do seu entorno natural e a imaxe da cidade. Este esforzo necesita da colaboración de todos os lucenses para poder mellora-la súa cidade, a súa calidade de vida.

ACTUALIDADE	4
DENUNCIA PENAL CONTRA EXLAVESA	10
A CONTAMINACIÓN DO CARBÓN NA CORUÑA	11
EDUCACIÓN AMBIENTAL: EN PONTO MORTO	12
INVESTINDO EN DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁBEL	13
ASEMBLEA XERAL DE ADEGA	14
PROTAGONISTAS	
DANIEL LOPEZ VISPO	16
LINO GONZÁLEZ DO PESO	17
O MAGO ANTÓN	18
AGROECOLOXÍA	
MERCAR PRODUCTOS ECOLÓXICOS EN A CORUÑA	20
ADEGA-Coruña	
RÍOS	
A ULLA: A LOITA CONTRA OS ENCOROS	24
Xesús Pereiras, Xan Louzao e Xosé A. Rodríguez	
ROTEIRO	
POLAS FERVENZAS DO ULLA	26
Ramsés Pérez	
TRANSPORTE	
RUTO: SOLUCIONES AO TRANSPORTE NO RURAL	28
Miguel Pazos Otón	
A UTILIDADE DA BICICLETA NO TRANSPORTE URBANO E INTERURBANO	31
Xan Duro	
PRESTIGE	
O TRABALLO DE ADEGA 500 DIAS DESPOIS	34
A COMISIÓN EUROPEA "MARE"	36
Martiño Nercellás e Xabier Vázquez	
ENERXÍA	
O FRACASO DAS POLÍTICAS DE AFORRO ENERXÉTICO	38
Fernando Blanco Silva	
A NATUREZA NA LITERATURA	
A VOZ DOLORIDA E TRANSCENDENTE DE GÓMEZ ALFARO (I)	41
Emilio Xosé Insua	



## URBANISMO, ORDENACIÓN DO TERRITORIO E VIVENDA

Este número 41 de Cerna sae reforzado cunha análise que moito botaba en falta o ecoloxismo, a da sustentabilidade do urbanismo. Este "decálogo" aparece, porén, cando o debate é máis necesario. A revisión da lei do solo antes de cumprirase os dous anos da súa aprobación ilustra a insuficiencia das solucións achegadas desde a Xunta, focadas no "feismo", e pon de manifesto a falta de diálogo e a negación da participación cidadá na súa elaboración.

Compre promover o debate arredor do urbanismo e a ordenación do territorio e prestarlle a atención ecoloxista e tamén a doutras entidades e organizacións sociais. Asimesmo, sabemos da responsabilidade do autor deste Decálogo no goberno da Universidade da Coruña, e do actual proxecto desta entidade en infraestructuras-urbanismo-medioambiente para os seus campus. Agardamos que en breve este proxecto se converta en realidade e en referente dun urbanismo e dun desenvolvemento verdadeiramente sustentábeis.

Ideas para o transporte e a mobilidade no rural e para a incorporación da bicicleta nos nosos desprazamentos diarios, a exemplar loita contra os encoros do Ulla, o Prestige, a enerxía, e diversas actuacións ecoloxistas e veciñais (denuncia penal contra Exlabesa, contaminación no porto de A Coruña...) completan a actuallidade ambiental deste número.

Por último, a redacción desta revista saúda favorablemente o recente acordo normativo para a escrita da nosa lingua, aderíndose ao memo, e respectando sempre a elección que autores e autoras de Cerna fagan da normativa ortográfica.

# cerna

Telf. e. Fox. 981 570 099  
Praza Camilo Díaz Vialón 15, 2º A  
15704 Santiago de Compostela  
E-Mail: adega@ctv.es. Web: www.adegagaliza.org

CONSELLO DE REDACCIÓN:  
Silvia Amor, Xan Duro, Emilio Ínsua, Miguel Lima, Daniel López Vispo, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez,  
Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto, Xabier Vázquez, Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecológica de Galiza). Primavera - 2004

Nos artigos asinados, respeítase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opiniós e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN  
Manuel Soto

DESEÑO, FOTOGRAFÍA E  
MAQUETACIÓN  
Alberte Sánchez

PUBLICIDADE E ADMINISTRACIÓN  
Silvia Amor

FOTOGRAFÍA DA CAPA  
Alberte Sánchez

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA  
Alberte Sánchez

IMPRESIÓN  
Grafinova, S. A.  
D.L.: C-913/1986 • ISSN: 1136-2677

# BREVES

## DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

### MANIFESTACIÓN POR UNHA GALIZA SUSTENTÁVEL

Como en anos anteriores, á iniciativa de ADEGA, un conxunto de organizacións ecoloxistas, sindicais, veciñais e políticas convocaron para o domingo 6 de xuño, con motivo do Día Mundial do Ambiente, unha manifestación en Santiago por unha Galiza ecoloxicamente sustentábel. Sairá ás 12 h desde a Alameda.

A manifestación celébrase para demandar, entre outras cousas, unha Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel para Galiza, políticas e medios para prevenir e combater as mareas negras, a defensa dos ríos fronte a novos encoros, a defensa da biodiversidade, unha nova política forestal e de loita contra os lumes que priorice a prevención e promova unha xestión sustentábel ou a redución, a reutilización e a reciclaxe.

**COMEZA A CONSTRUCIÓN DA PLANTA DE REGANOSA NA RÍA DE FERROL.** ADEGA reiterou a súa oposición á instalación dunha planta regasificadora en Mugardos, pois entende que implicaría riscos inaceptábeis para o medio ambiente e para a integridade física da poboación que vive no entorno da ría ferrolá. ADEGA non cuestiona a planta en si mesma e a súa necesidade, mais considera que a súa ubicación en Mugardos constitúe unha irresponsabilidade e supón antepor os intereses privados do Grupo Toxeiro e do resto das empresas que forman REGANOSA á seguridade da poboación e á defensa do medio ambiente.

**PROCESAN A MEMBROS DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA).** ADEGA e a Federación Ecoloxista Galega (FEG) expresaron o seu apoio aos membros da PDRA ([galeon.hispavista.com/arousa/plataforma.htm](http://galeon.hispavista.com/arousa/plataforma.htm)) acusados de se resistiren ao desa-

## ADEGA-BARBANZA / ADEGA-OURENSE 202 ÁRBORES PARA A VIDA

Nestas dúas localidades ADEGA coincidiu en impulsar a concienciación arredor do Día da Árbore, cons diversas plantacións de bosque autóctono.

Baixo o lema "Planta vida con nós", ADEGA-Ourense celebrou o Día Forestal Mundial (21 de marzo) coa plantación de 202 árbores autóctonas no Camiño de Santiago (Ruta da Prata), en colaboración coa Asociación Amigos do Camiño de Santiago de Coles, o Comité de Defensa do Monte Galego e a Cooperativa Braña. Puxeron de manifesto a gravidade da desaparición acelerada do bosque a nivel planetario, a razón de 35.680 árbores cada minuto só na selva tropical. En Galiza, a proliferación de incendios forestais é o principal factor de destrucción da coberta vexetal: en menos de 15 anos calcináronse 500.000 hectáreas, das que 200.000 eran de monte arborado, segundo datos oficiais.

Coincidindo o Día Forestal co Día para a eliminación de toda forma de discriminación racial, tamén o 21 de marzo, ADEGA-Ourense pensou esta actividade para lembrar as 202 persoas que perderon a vida no brutal atentado do 11 de marzo en Madrid, e adicoullo a todas as víctimas do terrorismo e de todas as guerras, todas elas inmorais, ilegais e inxustificadas.

A plantación de frondosas na serra do Barbanza fixose en colaboración coa comunidade de montes de Lesón e a sociedade de cazadores O Foloso. Foi considerada por ADEGA como un éxito non só de participación, senón polo que supón implicar na recuperación do bosque caducifolio aos axentes con intereses no monte (comuneiros, cazadores, con-

cello...). Outras actividades da delegación destacadas son a avaliación do estudo de impacto da transformación da vía rápida VRG-11 en autovía, coas correspondentes alegacións, e as do polígono industrial de Rianxo. ADEGA-Barbanza prevé, asimismo, comezar unha campaña informativa sobre os presuntos ataques de lobos á cabana gandeira, que nas últimas datas están a aumentar e a causar inquedanza entre a veciñanza e os gandeiros.

Por outra banda, ADEGA-Barbanzana denunciou o lamentábel estado no que atopan duas das paraxes naturais más representativas da comarca, como son o monte A Curota e o contorno de A Mismerela. As calificacións de Sitio de Interese Natural para A Curotiña e Conxunto Arqueolóxico Protexido polo Concello desde 1999 para A Mismerela e as piscinas do río Pedras non parecen servir de moito. ADEGA propuxo que se elabore un plano de uso e xestión para compatibilizar a explotación destas zonas co seu desfrute por parte de todas as persoas.



ADEGA-Barbanza



ADEGA-Barbanza

Comuneiros e cazadores implicáronse nas propostas de ADEGA para a recuperación do bosque caducifolio

# BREVES

## DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

### MANIFESTACIÓN POR UNHA GALIZA SUSTENTÁVEL

Como en anos anteriores, á iniciativa de ADEGA, un conxunto de organizacións ecoloxistas, sindicais, veciñais e políticas convocaron para o domingo 6 de xuño, con motivo do Día Mundial do Ambiente, unha manifestación en Santiago por unha Galiza ecoloxicamente sustentábel. Sairá ás 12 h desde a Alameda.

A manifestación celébrase para demandar, entre outras cousas, unha Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel para Galiza, políticas e medios para prevenir e combatir as mareas negras, a defensa dos ríos fronte a novos encoros, a defensa da biodiversidade, unha nova política forestal e de loita contra os lumes que priorice a prevención e promova unha xestión sustentábel ou a redución, a reutilización e a reciclaxe.

**COMEZA A CONSTRUCIÓN DA PLANTA DE REGANOSA NA RÍA DE FERROL.** ADEGA reiterou a súa oposición á instalación dunha planta regasificadora en Mugardos, pois entende que implicaría riscos inaceptábeis para o medio ambiente e para a integridade física da poboación que vive no entorno da ría ferrolá. ADEGA non cuestiona a planta en si mesma e a súa necesidade, mais considera que a súa ubicación en Mugardos constitúe unha irresponsabilidade e supón antepor os intereses privados do Grupo Toxeiro e do resto das empresas que forman REGANOSA á seguridade da poboación e á defensa do medio ambiente.

### PROCESAN A MEMBROS DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA).

ADEGA e a Federación Ecoloxista Galega (FEG) expresaron o seu apoio aos membros da PDRA ([galeon.hispavista.com/arousa/plataforma.htm](http://galeon.hispavista.com/arousa/plataforma.htm)) acusados de se resistiren ao desa-

## ADEGA-BARBARZA / ADEGA-OURENSE 202 ÁRBORES PARA A VIDA

Nestas dúas localidades ADEGA coincidiu en impulsar a concienciación arredor do Día da Árbore, cons diversas plantacións de bosque autóctono.

Baixo o lema "Planta vida con nós", ADEGA-Ourense celebrou o Día Forestal Mundial (21 de marzo) coa plantación de 202 árbores autóctonas no Camiño de Santiago (Ruta da Prata), en colaboración coa Asociación Amigos do Camiño de Santiago de Coles, o Comité de Defensa do Monte Galego e a Cooperativa Braña. Puxeron de manifesto a gravidade da desaparición acelerada do bosque a nivel planetario, a razón de 35.680 árbores cada minuto só na selva tropical. En Galiza, a proliferación de incendios forestais é o principal factor de destrucción da coberta vexetal: en menos de 15 anos calcináronse 500.000 hectáreas, das que 200.000 eran de monte arborado, segundo datos oficiais.

Coincidindo o Día Forestal co Día para a eliminación de toda forma de discriminación racial, tamén o 21 de marzo, ADEGA-Ourense pensou esta actividade para lembrar as 202 persoas que perderon a vida no brutal atentado do 11 de marzo en Madrid, e adicoullo a todas as víctimas do terrorismo e de todas as guerras, todas elas inmorais, ilegais e inxustificadas..

A prantación de frondosas na serra do Barbanza fixose en colaboración coa comunidade de montes de Lesón e a sociedade de cazadores O Folgoso. Foi considerada por ADEGA como un éxito non só de participación, senón polo que supón implicar na recuperación do bosque caducifolio aos axentes con intereses no monte (comuneiros, cazadores, con-

cello...). Outras actividades da delegación destacadas son a avaliación do estudo de impacto da transformación da vía rápida VRG-11 en autovía, coas correspondentes alegacións, e as do polígono industrial de Rianxo. ADEGA-Barbanza prevé, asimismo, comezar unha campaña informativa sobre os presuntos ataques de lobos á cabana gandeira, que nas últimas datas están a aumentar e a causar inquedanza entre a veciñanza e os gandeiros.

Por outra banda, ADEGA-Barbanzana denunciou o lamentábel estado no que atopan duas das paraxes naturais más representativas da comarca, como son o monte A Curota e o contorno de A Mismerla. As calificacións de Sitio de Interese Natural para A Curotiña e Conxunto Arqueolóxico Protexido polo Concello desde 1999 para A Mismerla e as piscinas do río Pedras non parecen servir de moito. ADEGA propuxo que se elabore un plano de uso e xestión para compatibilizar a explotación destas zonas co seu desfrute por parte de todas as persoas.



ADEGA-Barbanza



ADEGA-Barbanza

Comuneiros e cazadores implicáronse nas propostas de ADEGA para a recuperación do bosque caducifolio

# ADEGA-Coruña

## AXENDA 21

### € PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Trás o cambio de local o pasado outono, Adega-Coruña ven impulsando e aumentado a sua actividade en diferentes eidos, e recibindo numerosas consultas por parte da xente. Incrementouse o contacto con entidades tales como a Federación de Asociación de Veciños de A Coruña, e co propio Concello de A Coruña, en temas como a Axenda 21, a participación cidadá, especialmente no contexto da Axenda 21, ou a xestión do lixo. En relación con este último tema, ADEGA-Coruña participará xunto con outras asociacións nun proxecto piloto de fomento da participación cidadá na recollida selectiva.

Asimesmo, participase na Plataforma contra a suba da tasa do bus urbano, nas reunións sobre o proxecto de vía de acceso á N. VI dende Sada, e continúase a formar parte da Comisión Xestora da Plataforma comarcal de Nunca Máis. Tamén se teñen encontros con asociacións de veciños de Arteixo, afectados polo futuro Porto Exterior de A Coruña. Asimesmo, presentouse ante a Dirección Xeral da Conservación da Natureza (Consellería de medioambiente) un escrito-denuncia solicitando a adopción das medidas necesarias para a axeitada conservación do contorno do Encoro Abegondo-Cecebre (proposto para Rede Natural) así como das infraestructuras establecidas vinculadas a educación ambiental do lugar (observatorio de aves).


#### I CONCURSO DE DEBUXO "REPORTER@S ECOLOXISTAS"

Organizado por ADEGA-Coruña, na primeira edición deste concurso participaron 15 debuxos de nenos/as entre 6 e 12 anos, en duas categorías de 6-8 anos (gañadora María Díaz Tovar, finalistas Emilio Salorio e Lúa Castro García) e de 9-12 anos (gañadora Helena Ponte, finalistas Carlota Carnota Carnedo e Marco Garabatos). A entrega de premios e diplomas tivo lugar o sábado 6 de Marzo do 2004 ás 13:00h. O premio

foi un equipo de "reporteiros/as ecoloxistas" consistente nun lote de material de ADEGA unha cesta de bimbo cunha axenda ecolóxica, un lapis, unha biseira e unha bolsa de tela.



Autora: Helena Ponte (9 anos)



Autora: María Díaz (7 anos)

Adega Coruña  
Rúa do Conto, 6-8 baixo esq.  
15002 A Coruña  
  
Aberto ao público de  
luns a venres de 17 h. a 20h.  
  
Teléfono 881 915 046  
Correo-e: corunha@adegagaliza.or  
Web: www.adegagaliza.org/corunha

loxo do Concello de Vilagarcía durante un encerro pacífico celebrado en xaneiro de 2000 para protestar contra a instalación dos depósitos de combustible do Ferrazo, peche interrompido por un violento desaloxo ordenado polo alcalde. Os depósitos do Ferrazo, situados no porto de Vilagarcía, no fondo da ría de Arousa, almacenan 80.000 m<sup>3</sup> de hidrocarburos, o equivalente á capacidade do "Prestige".

**ADEGA COLABORA COA FACULTADE DE CIENCIAS AMBIENTAIS DE BARCELONA.** ADEGA está a colaborar co proxecto "Seguimiento de indicadores do impacto ambiental local do Prestige no Concello de Carnota", que está a desenvolver a Facultade de Ciencias Ambientais da Universitat Autónoma de Barcelona, co apoio do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade de Santiago. Entre outras cousas, estase a seguir a evolución da poboación da píllara papuda e da recuperación dos bancos de semente de mexillón.

**DRAGADO DO ESTUARIO DO MIÑO.** A Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM) e a asociación ambientalista Corema, de Caminha (Portugal), son moi críticas co dragado que se pretende facer na marxe portuguesa do estuario do río Miño. Consideran que detrás deste proxecto, que carece dun estudo de impacto ambiental rigoroso, está o negocio

das areeiras. Máis información en [www.anabam.org](http://www.anabam.org)

#### MARCHA EN DEFENSA DO BIDUEIRAL DE MONTEDERRAMO.

O pasado 2 de novembro, o Comité de Defensa do Monte Galego ([www.adegagaliza.org/comitemonte/index.html](http://www.adegagaliza.org/comitemonte/index.html)), no que participa ADEGA, organizou unha marcha en defensa do Bidueiral de Montederramo. O Bidueiral de Montederramo, proposto para formar parte da Rede Natura 2000, áchase gravemente ameazado pola creación dunha explotación cinexética intensiva, para a cal se construiu xa, de xeito totalmente irregular, un valado cinexético.

A WEB DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE IGNORA AS ASOCIACIÓN ECOLOXISTAS GALEGAS. A Federación Ecoloxista Galega (FEG) ([web.jet.es/feg](http://web.jet.es/feg)) denunciou que a web da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ignora ás organizacións non gobernamentais galegas de estudo e defensa do medio ambiente. No apartado de ligazóns de organizacións non gobernamentais inclúe ligazóns de organizacións ecoloxistas de ámbito estatal e mesmo de Cataluña, Estremadura ou Aragón mais nin unha soa de Galiza.

#### ADEGA-COMPOSTELA

## DIA DA PAZ, DIA D@S NAMORAD@S, DIA DA ÁRVORE, DIA DA TERRA, ... E NON SÓ



Romés Pérez

O ano 2003 acababa para a Delegación de Compostela co rexemento público dun proxecto de túnel e aparcadoiro que afectaría á Alameda para, por riba, non solucionar senón agravar o problema do tráfico na capital de Galiza.

O novo ano comezaría do mesmo modo. Pouco despois, e con motivo do Dia da Paz (30 de Xaneiro), organizouse un cine-fórum sobre o ecopacifismo no que se proxectou o filme *A Princesa Mononoke*. Mais tarde, no primeiro aniversario da invasión do Iraque (20 de Marzo), participariase na mobilización que, co lema **NEN GUERRA NEN OCUPACIÓN. Retirada das Tropas. Construcción da Paz**, respontaba a unha convocatoria internacional.


Co San Valentín como excusa, ADEGA-Compostela saíu á rua coa súa campaña Namorate do Medio Ambiente, para a que se editaron uns dípticos-postais cos que se poder asociar á nosa organización. Quen se fixeron soci@s foron agasallad@s cunha planta.

Con motivo do Dia Forestal Mundial (21 de Marzo), a delegación plantou 120 árbores en Arins, no contorno da antiga mina, lugar que estamos a recuperar desde hai mais de dous anos e no que este inverno tamén se dedicaron varias xornadas á poda. Dúas semanas despois completariase a plantación até chegar aos douscentos exemplares.

ADEGA-Compostela participou na ICAA (Inspección costeira de Aves Abeiradas) 2003-2004, revisando mensalmente praias do Concello de Carnota.

Tamén mantén unha actividade constante no que fai respecto á Educación Ambiental.

Após a Asemblea Xeral de ADEGA, a delegación de Compostela celebrou a sua Asemblea Ordinaria na que, entre outras cousas, se decidiu que os IV Premios Dioxina e Osíxeno, cos que se celebra o Dia da Terra (22 de Abril), fiquen como segue: IV Premio Dioxina a Pior Actuación Ambiental para o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, pola sua actuación na tomada de decisión sobre o futuro tratamento dos RSU xerados no termo municipal que goberna; e IV Premio Osíxeno a Mellor Actuación Ambiental para o voluntario Sven Schwebosch, polo seu traballo na retirada de chapapote da costa de Carnota desde o comezo da catástrofe do Prestige, labor no que continua e co que leva coordinado centenares de persoas através de Voluntario Libre.



#### CABALIÑO DO DEMO

Rúa aller ulloa, 7  
(xunto á porta do camiño)

ADEGA considera moi grave o aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galiza. O noso país incumpe o protocolo de Quioto

## ANUNCIADA UNHA ESTRATEXIA DE LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO


ADEGA valorou positivamente o anuncio da Consellería de Medio Ambiente de impulsar unha Estratexia de Loita contra o Cambio Climático, pois atende unha das súas reivindicacións. Porén, dubida da vontade e da capacidade política da Consellería para a aplicar, tendo en conta os frustrantes precedentes das Estratexias de Educación Ambiental e de Conservación da Biodiversidade, convertidas en papel molido.

O aumento nun 27% das emisións de gases causantes do cambio climático en Galiza entre 1990 e o 2001 é un indicador claro do carácter ecoloxicamente insostíbel das políticas actuais, en particular das políticas enerxética e de transporte. Segundo o Inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Galiza incumpe o Protocolo de Quioto e é un dos países europeos que máis aumentou as súas emisións de gases de efecto invernadoiro desde 1990.



A promoción de cultivos forestais que non teñen en conta a conservación da biodiversidade, a calidade da paisaxe ou a protección do solo non é unha medida aceptábel para loitar contra o cambio climático.

Alberte SR



A Estratexia debería elaborarse de forma participativa e fixar obxectivos cuantitativos ambiciosos e realistas de redución das emisións por sectores, especialmente no que atinxe á produción de enerxía e ao transporte. Cómpre que incorpore medidas como a promoción intensa do aforro e da mellora da eficiencia enerxética, o peche programado das centrais térmicas de carbón, o desenvolvemento respectuoso coa natureza das enerxías renovábeis ou a promoción dos modos de transporte menos prexudiciais.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL

### XORNADAS LUSO-GALAICAS: DENUNCIADA A INDIFERENCIA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DE GALIZA

Do 22 ao 24 de xaneiro tiveron lugar en Chaves unhas Xornadas Luso-Galaicas de Educación Ambiental.

ADEGA aproveitou o marco destas xornadas para expor algunas das súas iniciativas en materia de EA: o programa de compostaxe caseira a partir do lixo orgánico doméstico; unha unidade didáctica que aborda o transporte desde unha óptica sustentábel e o campo de traballo "Apostando polo azul" (Carnota, abril 2003), que desenvolveu diversas actividades relacionadas coa catástrofe do Prestige.

Na sesión de abertura das Xornadas, José Antonio Caride Gómez, catedrático de EA da Universidade de Santiago, afirmou que a Estratexia Galega de Educación Ambiental

(EGEA), promovida pola Consellería de Medio Ambiente, é "unha ocasión perdida". Catro anos despois da aprobación da EGEA, "e a pesar da existencia de certos avances", "a posterior disolución do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental (CITA) e a escasa convicción mostrada polos responsábeis da Consellería de Medio Ambiente cara a Educación Ambiental, especialmente tras as eleccións autonómicas de outubro de 2001, bloquearon boa parte das potencialidades inherentes á EGEA, minorando as súas opcións e alcances". Caride lamentou "a indiferencia e o esquecemento da EA por parte das Administracións Públicas, en particular da Xunta, durante e despois da catástrofe provocada polo afundimento do Prestige".

Alberte SR

**Ecoloxistas piden o cesamento de Xosé Lago e de Javier Ruiz, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza**

## MÉDIO AMBIENTE QUIXO SACRIFICAR 200 AVES PETROLEADAS

Como consecuencia dunha nova marea negra que sofríu a costa sur do país durante a primeira fin de semana de abril, segundo fontes oficiais a raíz dun "sentinazo", foron recollidas e levadas ao centro de recuperación de fauna de Cotorredondo, unhas 500 aves mariñas (arao dos cons, arao romero,...). Por mor da neglixencia da Consellería de Medio Ambiente, muitas aves morreron ou morrerán por falta de atención adecuada. A Consellería mesmo tentou matar 200 aves.

O 8 de abril, o Subdirector Xeral de Biodiversidade da Consellería de Medio Ambiente, Xosé Lago, ordenou aos responsábeis do Centro de Cotorredondo o traslado de parte dos animais ao Centro de Recuperación de Oleiros e á Facultade de Veterinaria de Lugo e o sacrificio duns 200 animais, segundo informaron tanto a Asociación Profesional de Axentes Forestais como voluntarios que estaban a colaborar na atención ás aves en Cotorredondo.

Só a denuncia pública destes feitos, á que se sumaron ás principais organizacións ecoloxistas galegas e estatais, entre elas ADEGA, fixo que a Consellería recuase. Porén, non facilitou a atención especializada apropiada para garantir a recuperación real das aves. Persoal técnico especializado da propia Consellería propuxo habilitar urxentemente o Centro de Cotorredondo para realizar o



Pedro Alonso, Enva-Ecoloxistas en Acción Galiza

En abril Xosé Manuel Barreiro liberou en Bares, perante os medios de comunicación, 42 aves supostamente recuperadas. Nas seguintes 24 horas á liberación houbo que recoller 14 vivas e 3 mortas.

proceso completo de recuperación das aves. Isto poderíase ter feito nun par de días e cun custo aproximado duns 12.000 euros. Para iso contábase co material procedente do Centro de Recuperación de Aves Petroleadas que funcionou no Campiño, durante os primeiros meses da catástrofe do Prestige, material almacenado en Cotorredondo.

A habilitación do Centro de Cotorredondo evitaría as molestias ás aves causadas polo seu transporte a Oleiros e a Lugo e permitiría a súa atención rápida e adecuada. A rapidez e a especialización son as chaves para garantir a sobrevivencia das aves.

ADEGA e outras organizacións ecoloxistas exixiron ao conselleiro Xosé Manuel Barreiro o cesamento de Xosé Lago e de Javier Ruiz, este último director xeral de conservación da natureza. Asemade, demandaron a creación dun centro especializado na atención a aves petroleadas e solucións á falta de control dos buques petroleiros que pasan fronte ás nosas costas.

**Nota:** Mentre se estaba maquetando e imprimindo Cerna, deuse a nova de que foi cesado Xosé Lago das suas funcións como Subdirector Xeral.

## FEÍSMO NOS HUMIDAIOS

Con motivo da celebración do Día dos Humidais (2 de febreiro) o Colexio Oficial de Biólogos de Galiza (COBGA) fixo pública unha declaración na que salienta que o noso país "cos seus máis de 1.100 humidais, segundo o recente inventario da consellería de medio ambiente, é sen dúbida o territorio español con maior diversidade de ecosistemas e un dos más ricos respecto á peculiar flora e fauna que poboa as lagoas, brañas, marismas e bosques húmidos". O COBGA denuncia que moitas actuacións das administracións públicas afean e degradan os nosos humidais.

O COBGA sinala que "ao igual que os nosos núcleos rurais e cascos históricos, os nosos humidais sofren tamén dunha doença contaxiosa, o feísmo". Este comezou afectando aos humidais costeiros que, "ao igual que o resto do espazo litoral, foron estragados polo empurre titánico do Plano de Costas. O cemento, os pavimentos, as varandas inapropiadas, a introdución de especies invasoras ou o axardinamento dos acantilados son as feridas patentes dunha incruenta e desigual loita, marcada polo mal gosto e o desbaldimento de inxentes cantidades de diñeiro público. O síntoma

final identifícase polo ondear dunha bandeira azul, que indica a perda total de naturalidade da área costeira".

Desde a costa, o "Plano do Cemento" subiu polos ríos. Os tramos próximos a cidades e vilas transfórmanse en "canais prefabricados entre os que languidecen os restos da vexetación acuática e de ribeira". Nin o Miño se librou, pois ao longo do seu curso padeceu moitas "obras antinaturais e de mal gosto". A lagoa de Fonmiñá, no seu nacemento, "expira hoxe rodeada de xardíns miniatu-

ristas e dun labirinto diabólico de pasarellas".

Os biólogos achán que "os proxectos de restauración e rehabilitación deben ter obxectivos e actuacións formuladas sobre os componentes da biodiversidade xunto co funcionamento ecosistémico, e non servir de pretexto para executar delirantes proxectos de mal gosto. É hora tamén de exixir a aplicación da piqueta para neutralizar os exemplos máis sobresaintes do feísmo, que infecta aos humidais galegos e aos ecosistemas do contorno no que se achan".

## O Concello de Rairiz de Veiga solicitou a sua declaración como "monumento natural" **A CARBALLA DA ROCHA**

No concello limiao de Rairiz de Veiga, no lugar da Sainza, onde cada setembro se escenifica unha batalla de mouros e cristiáns, atópase unha árbore senlleira, coñecida tradicionalmente como "A carballa da Rocha".

Con 39 metros de altura e 6 de diámetro, as características da súa porte e lonxevidade, uns 500 anos, dotan ao carballo de categoría de excepcional. A estes valores non é aldea a delegación de ADEGA-Ourense quen quixo amosar, nunha excursión-visita celebrada o 26 de abril, a posta en valor destes recursos naturais aos que hai que engadir os culturais e sociais que dan a este exemplar a condición de emblemático.

En febreiro de 2003 o Pleno do Concello de Rairiz solicitou a Consellaría de Medio Ambiente a declaración da carballa como "Monumento Natural". A data de hoxe non se recibiu nas dependencias municipais resposta a esta demanda. A nosa delegación en Ourense quixo unirse a esta reivindicación facendo súa a proposta de toda a veciñanza.

Na visita contamos cun guía de luxo, o propio Alcalde, que ademais da sensibilidade amosada, é técnico forestal. Xaquín Rodríguez Ambrosio conduciunos até a árbore, nun conntorno no que destacan outros compañeiros con bo porte da carballa, amieiros, bidueiros, cerdeiras, sal-

gueiros, xardóns e o protexido acíro. Xaquín relatou que en 1950, na última decota de pólas, enhéronse máis de corenta carros de leña.

A Carballa pertence a un particular que ten a intención de vendela. O concello está disposto a pagar un prezo razonable, estudiando diversas fórmulas como a posibilidade de abrir unha suscripción popular. ADEGA-OURENSE contribuirá á súa recuperación pública colaborando na merca, cunha campaña en todo o país a prol da conservación do carballo máis grande de Europa.

Non é este o único atractivo natural do Concello de Rairiz de Veiga. Moi pretiño atópanse as Veigas de Rairiz, un espazo lacustre que nos lembra o que foi a descadada lagoa de Antela. Está proposto para a Rede Natura 2000 e tamén foi obxecto da nosa visita. Para finalizar diriximonos a aldea de Congostro onde o Concello creou o Centro de Interpretación da Cultura Popular recuperando varias edificacións (carpintería, forxa, forno comunal, vivenda tradicional, etc.) e desenvolvendo un ambicioso proxecto de recuperación do que foi o lugar máis importante da Limia.



Os 39 metros de altura e 6 de diámetro, a súa porte e uns 500 anos de lonxevidade, dotan ao carballo dunha categoría de excepcional

ADEGA-Ourense quere animarvos a que veñades coñecer a Carballa e os demais atractivos ambientais deste concello da Limia. Xa existe unha pequena infraestructura turística, tres casas de turismo rural, unha cantina típica, rotas de sendeirismo, que ofertan a posibilidade de pasar unha fin de semana inesquecible. E se tedes a sorte de contar co guía Xaquín, a conta sairavos redonda.

## Obxección fiscal: nen un céntimo para a guerra e a sua preparación

### **A LOITA POLA PAZ**

Coincidindo co comezo do período para a realización da Declaración da Renda 2003, ADEGA e a Asemblea Galega de Obxección Fiscal chamaron á ciudadanía galega a se negar a que os seus impostos sexan destinados a usos militares. Estas dúas entidades, que reclamaron do Ministro de Xustiza que sexa reconecido o direito á Obxección Fiscal aos Gastos Militares, apostan pola progresiva diminución dos gastos militares e propoñen que os conceptos como defensa ou segu-

ranza sexan repensados desde unha perspectiva pacifista, baseada na non violencia, na resolución pacífica dos conflitos, no reforzamento da democracia e a convivencia pacífica.

A Obxección Fiscal aos Gastos Militares é un acto de Desobediencia Civil que consiste, á hora de facer a Declaración da Renda, en non pagar ao Estado o diñeiro que este dedica á guerra e á sua preparación. Non supón evadir impostos, senón desvíalos cara proxectos sociais.

Ainda que non teñamos a obriga de pagar o IRPF, tod@s pagamos impostos cos que, queirámolo ou non, o militarismo está a ser financiado. Nos Orzamentos do Estado para o ano 2004, os gastos militares ascenden a uns 16.000.000.000 euros, aínda que soamente a metade apareza adxudicada ao Ministerio de Defensa.

Para informarte de cómo facer a obxección fiscal dirixete a ADEGA. [www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org).

**PRESENTADA POR ADEGA NO XULGADO DE PADRÓN**

# **DENUNCIA PENAL CONTRA EXLABESA**

Virginia Rodríguez\*

O pasado día 5 de febreiro do, ADEGA presentou unha denuncia penal contra o grupo EXLABESA, polo carácter nocivo dos vertidos e o perigo de rotura das balsas nas que se almacenan os resíduos, na súa factoría de Rois (A Coruña). Pretende ser unha chamada de atención para outras empresas en situación semellante, e para as administracións públicas responsábeis de velaren polo correcto cumprimento da lexislación ambiental. O seu obxectivo é que o grupo EXLABESA sexa social e ambientalmente responsable e legalice a sua situación, polo que non procura o peche da empresa nem a perda de postos de traballo. Neste sentido, xa deu lugar a un convenio asinado de asesoramento Científico-Técnico entre o FEUGA e o grupo EXLABESA.

O pasado día 5 de febreiro, ADEGA presentou unha denuncia penal contra o grupo EXLABESA, polo carácter nocivo dos vertidos e o perigo de rotura das balsas nas que se almacenan os resíduos líquidos, na súa factoría de Rois (A Coruña). Pretende ser unha chamada de atención para outras empresas en situación semellante, e para a administración pública responsável de velaren polo correcto cumprimento da lexislación. O seu obxectivo é que o grupo EXLABESA sexa social e ambientalmente responsable e legalice a sua situación, polo que non procura o peche da empresa nem a perda de postos de traballo. Neste sentido, xa deu lugar a un convenio asinado de asesoramento entre o FEUGA e o grupo EXLABESA.

A denuncia foi admitida a trámite o 25 de febreiro, e as persoas denunciadas foron citadas como acusadas. A fábrica de EXLABESA no concello de Rois dedicase a transformación do aluminio, actividade catalogada como moi perigosa, pola xeración dunha gran cantidade de metais pesados. Até hoxe, o tratamento destes resíduos non foi unha prioridade da factoría, e a isto hai que sumar a inexistencia de autorización da para actividade por parte do Concello de Rois e da Xunta de Galiza. Como acontece a miúdo, a falta de sensibilidade ambiental vai unida á carencia de sensibilidade social, polo que EXLABESA tamén foi obxecto dunha querela presentada por UGT por cuestións laborais.

EXLABESA dispón dunha depuradora físico-química, que se atopa inoperativa a maior parte do tempo. A continuación as augas residuais pasan a 13 balsas (20 x 20 m por 2 m de fondo), situadas no interior do recinto da empresa. Estas balsas non están impermeabilizadas polo que provocan vertidos indirectos por infiltración no terreo. Os muros de contención presentan fendas, polo que a sua rotura podería provocar o vertido de 400.000 litros ao río Sar, que sería similar ao de Aznalcollar en canto ao tipo de contaminantes presentes.


A maiores destas balsas, existe outra situada fora do recinto, lindando cun cami-

ño público, sen sinalización que avise da perigosidade do seu contido, e sen impermeabilizar. A presencia de vertidos por inxeción no subsolo e a contaminación de augas subterráneas é previsibel. Así mesmo dende ADEGA constatouse a existencia de vertidos directos a través de desaguages e colectores, que verten directamente no río Sar.

Tanto o contido da balsa exterior (lodos e agua), como os vertidos realizados a través dos desaguages foron analizados polo Prof. Luis A. Rodríguez, da Universidade de Vigo, o que puxo de manifesto a presencia de metais perigosos como Cadmio, Mercurio e Aluminio, con concentracións nalgúns casos 1000 veces superiores ás permitidas. Estes vertidos son presumiblemente os responsables da alta mortandade de peixes que se deu no mes de outubro de 2003, denunciando ante o SEPRONA polo Concello de Rois.

Paralelamente, o SEPRONA presentou o 8 de Xaneiro dílixencias policiais ante o Xuzgado de Padrón por suposto delito contra o medio ambiente, por vertidos ao regato de Bascuas, afluente do Sar, así como almacenamento e queima de resíduos polas empresas QUINTASTONE S.A. e QUINTAGLAS S.A.

\* Virginia Rodríguez é Vocal de Auga da Asociación ADEGA



Balsas de resíduos líquidos sen impermeabilizar e con fendas nos muros de contención.

## **CONTAMINACIÓN POR METAIS PESADOS NOS SOLOS**

A diferencia doutros contaminantes presentes en solos, como algúns contaminantes orgánicos, os metais pesados son elementos químicos, polo que non se poden degradar para dar sustancias menos perigosas.

Presentes en moitas formas químicas, cada unha delas mostra unha mobilidade e toxicidade únicas. Retido na fase sólida do solo, non presentan problemas de toxicidade; estes comezan cando é liberado e ingresa na cadea trófica. Este ingreso pode facerse pola absorción por plantas, polo lavado cara as augas freáticas, ou polo ingreso nos organismos pola vía respiratoria.

Porén, un metal que aparentemente está retido na fase sólida do solo pode ser liberado e mobilizado se se produce un cambio nas condicións ambientais (p.e. causado por un cambio de usos, de prácticas agrícolas, desecamento de terreos, etc.), polo que non se pode dicir que sexa inocuo. Polo tanto, nunha analítica, a concentración na auga é unha medida directa da perigosidade actual, mentres que a concentración total serve para avaliar a perigosidade potencial ou futura.

Entre os ións metálicos más tóxicos destacan o cadmio e o mercurio:

- **Cadmio.** É tóxico para a maior parte dos organismos. A inxesta diaria media de cadmio para humanos está próxima á dose máxima tolerábel, o que o converte nun factor sanitario crítico. Un pequeno aumento na inxesta diaria de cadmio, por exemplo por contaminacións locais, podería ter consecuencias fatais.

- **Mercurio.** É un claro exemplo do risco que supón un cambio nas propiedades químicas dos metais pesados provocadas por cambios ambientais no solo. Pode metilarse. O metilmercurio é liposolúbel, e pode atravesar as membranas biolóxicas como a piel. Polo tanto, pode entrar mais facilmente na cadea trófica e no corpo humano.

Alba Andrade. Enxeñeira Química

# A LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN DO CARBÓN NA CORUÑA

Ramón Muñiz

Os veciños dos barrios aledaños ao porto da Coruña levaron durante tempo unha loita, paradigmática pola súa perseverancia, para rematar os problemas de contaminación que producían as descargas de carbón a ceo aberto (ver o nº 37 de Cerna, inverno de 2003). Durante cinco meses, todos os xoves, un importante número de persoas afectadas manifestábanse de nove ás dez da noite no mirador dos Castros. Os resultados, agora, están á vista.


Con esta firme e continuada actitude conseguiuse que a Autoridade Portuaria (AP), neste caso cun novo presidente, convocara á AA. VV. de Oza, Gaiteira-Os Castros, para tratar do tema. En principio a AA.VV. marcouse como prioritaria a solución dos problemas causados polo carbón por ser o que más preocupaba debido a que ao soprar o vento norte ou nordeste, cousa que ocorre durante todo o ano excepto nos meses do inverno, o po saltaba ós muros do porto para manchar as fachadas dos edificios e penetrar no seu interior, ennegrecendo os enseres das casas e os pulmóns dos seus moradores, cos consecuentes prexuicios económicos, sociais e de saúde.

Destas reunións coa AP saíron toda unha serie de medidas paliativas previas, por certo non sempre cumplidas como a do lavado das rodas dos camións. Pero o noso obxectivo era o pechado total das descargas de carbón de xeito que nada poidese saír ao ar. Por fin, a teima dos veciños deu resultado e a AP decidió que as empresas que quixeran conservar as instalacións portuarias para a garda do carbón deberían instalar un sistema de circuito fechado.

A empresa "Servizos Loxísticos e Enerxéticos" constituída por "García Munté" e "Compañía General de Carbones" manipulaba o petcoque, un carbón

**A teima dos veciños deu resultado: as empresas que quixeran manipular carbón no porto deberán instalar un sistema de circuito fechado**

derivado do petroleo do máis contaminante, a ceo aberto sen consideración nengunha para os cidadáns. Pois ben, conseguiuse que a AP propuséralles que ou facían un proxecto de peche para a súa instalación e manipulación ou terían que abandoar o porto. Polas contas que botou a empresa o proxecto non lle



A. López

En canto ao carbón xestionado pola empresa FENOSA, esta entidade aceptou a alternativa da realización dun circuito fechado para a descarga, manipulación e garda do seu carbón.

saía rendíbel e efectivamente marcharon. "García Munté" despareceu e a "Sociedad General de Carbones" anda buscando outro lugar por Galiza adiante. O caso é que o problema do petcoque quedou solucionado.

En canto ao carbón xestionado pola empresa FENOSA, esta entidade aceptou a alternativa da realización dun circuito fechado para a descarga, manipulación e garda do seu carbón coa proposta do coñecido como "proxecto Medusa". A envergadura das obras non solucionarán o problema ata finais do 2005, ano de posta en funcionamento deste proxecto comprometido cos veciños por parte do presidente da AP. Isto obriga a aturar aos veciños un par de anos máis o carbón. Neste intre comenzaron as faenas de desescombro, e será cuestión de estar enriba para que non se demoren as obras.

Con isto, soluciónanxe en grande parte os problemas do carbón, pero non totalmente, xa que o transporte por ferrocarril faise en vagonetas abertas, e outros produtos como o xofre ainda non se manexan en pechado. O certo é que a presión mantida polos veciños sobre a AP

conseguiú algo realmente importante como as vías de solución do problema do carbón, que durante anos estivo afectando a unhas 20.000 persoas sen que nen a Autoridade Portuaria, o Concello ou a Xunta fixeran nada. Tamén se está a obrigar a unha maior preocupación, por parte dos novos xestores da AP polos prexuicios da contaminación, para que se leve a cabo a instalación de circuitos fechados para todos os graneis sólidos. Seguirase loitando.

## CONCLUSIÓN

Non sempre as mobilizacións dan resultado, pero de seguro que nunca o darán se non se fan. Neste caso as manifestacións e a súa perseverancia están dando resultado aínda que non sen custos, como o das sete multas impostas pola paralización da vía pública polos manifestantes cun total de 5.000 euros. A anulación destas pedida por un deputado do BNG no parlamento español foi rexeitada polo PP, coa inhibición do PSOE na figura da que fora concelleira de medio ambiente na cidade, a diputada Carmen Marón.

# A ESTRATEXIA GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, EN PONTO MORTO

Ramsés Pérez Rodríguez e Manolo Soto Castiñeira

O que puido ter sido un punto de inflexión na educación ambiental no noso país, quedouse só nunha caricatura. O 9 de novembro de 1999 aprobouse no Consello Galego de Medio Ambiente a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), sen nengún voto en contra pero coa abstención de Adega. Esta abstención foi explicada con precisión e resultou premonitoria: criticábase a diverxencia entre un documento teórico e a política ambiental da Xunta, e dubidábase da intención desta de levar á práctica os seus contidos e recomendacións. Catro anos despois, estas dúbidas parecen plenamente confirmadas.

A EGEA foi considerada no seu momento como un fito na educación ambiental (EA) en diante) en Galiza dende diversos ámbitos sociais, que se viron ilusionados pola actuación, propagandística, da Xunta. Adega fixolle xa daquela varias críticas ao documento aprobado (véxase o nº 28 de Cerna, pax 16-17) entre as que destacamos as seguintes:

- A exclusión de Adega da mesa de negociación e as presas por aprobar un documento, pola única razón de ser presentado como a primeira estratexia de EA do Estado.

- A falta de compromisos concretos por parte da Consellería na consolidación da EA.

- A concepción dunha educación ambiental claramente mercantilista, pola recomendación ás asociacións para que acudan a empresas e fundacións de carácter privado para acadar financiamento, prescindindo de calquera liña de axudas procedente do sector público.

- A concepción dunha EA como fin en si mesma, en lugar de considerala como unha ferramenta dos planos de xestión ambiental, esquecéndose da retroalimentación que os contidos e obxectivos destes planos deben ter sobre a EA.

As propostas de Adega de elaborar unha programación anual ou bianual que indicara as liñas de acción prioritarias en función da problemática ambiental, seguida dunha memoria e unha avaliación anual xa non foron aceptadas para formaren parte do texto definitivo.

Postas de manifesto estas lagoas de tipo práctico, unha vez aprobado o documento, Adega tomouno como referencia teórica e guía a seguir na aplicación da Estratexia, do que cada sector social debería facer, e en especial as

administracións como encargadas da xestión dos cartos públicos e das políticas educativas.

## CATRO ANOS MAIS TARDE?

A propia Estratexia acordou un horizonte temporal de seis anos (2000-2006) para unha primeira aplicación das suas recomendacións, simultaneamente en todos os sectores, co obxectivo de conquerir uns cambios significativos no desenvolvemento da Educación Ambiental na Galiza. Cando xa temos sobrepassado o ecuador deste periodo, pouco ou nada se ten avanzado, estando diante dun balanzo globalmente negativo e desesperanzador, en coincidencia coa avaliación feita pola Sociedade Galega de Educación Ambiental ([www.sgea.org](http://www.sgea.org)).


A EGEA prevía para o seguemento da sua aplicación un Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA), ainda que non o definía con claridade. O OGEA constituiuse o 29 de outubro do 2002, como "órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento dos axentes sociais implicados en relación coa Consellería de Medio Ambiente en materia de Educación Ambiental en Galicia". A día de hoxe non ten avanzado en ningunha cuestión relacionada co seu cometido, e só cabe destacar o incumprimento da convocatoria do mesmo por parte da Consellería, xa que pasou ano e medio entre a sua primeira xuntanza e a segunda (2 de marzo do 2004), cando debería de se reunir polo menos unha vez cada seis meses. Mesmamente, esta segunda reunión só tivo lugar tras unha queixa da FEG ante o valedor do pobo.

## POR QUÉ TANTO DESINTERESE?

Segundo se pode desprender do texto da Estratexia, as intervencións educativas deben pretender mudar unha sociedade con serios problemas ambientais mediante a participación

social que guie cara un novo rumbo, ... Sendo esta a teoría, o desinterese da Consellería de Medio Ambiente é comprensible se temos en conta que a administración autonómica ten unha responsabilidade importante nese deterioro ambiental, e de sobra amosou a sua incompetencia e desinterese en temas tan graves como o do Prestige.

Obviamente, non só está a fallar a Consellería e a Xunta, senón que a maioria dos sectores sociais implicados na Estratexia pouco ou nada teñen avanzado na súa aplicación. Son excepción unicamente algúnsha administración local, contados concellos, e algunha outra actuación sectorial, ligadas por exemplo á xestión local do lixo. Aínda que unha avaliación pormenorizada farémola proximamente nun ADEGA-Cadernos, podemos adiantar o importante esforzo realizado por Adega neste eido: a Asociación realizou un importante traballo nesta área nos últimos anos, e está a cumplir polo menos sete das oito recomendacións feitas na Estratexia ás asociacións ecoloxistas.



A depuración de augas, xunto coa xestión de residuos, centran as actividades de EA do concello de Santiago de Compostela

# INVESTINDO EN DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

Xan Duro

O pasado mes de marzo, a Oficina Europea do Medio Ambiente (EEB), a Confederación Europea de Sindicatos (CES) e a Plataforma de Organizacións Non-Gobernamentais Europea (Plataforma Social) presentaron diante do Cumio de Primavera do Consello de Xefes de Estado e de Goberno da UE, o Manifesto conxunto "Investindo en desenvolvemento sustentábel". Estas tres entidades veñen colaborando, partindo da premisa de que un verdadeiro desenvolvemento sustentábel ten que ter presentes non só as consecuencias ambientais das propostas senón tamén as súas vertentes sociais e laborais.

Este manifesto é a culminación do proceso de diálogo abierto en torno ao desenvolvemento sustentábel entre as tres organizacións nos intres previos ao Cumio Europeo de Barcelona. A premisa de partida era que un verdadeiro desenvolvemento baixo parámetros de sustentabilidade tiña que ter presentes non só as consecuencias ambientais das propostas senón tamén as súas vertentes sociais e laborais. O resultado destes primeiros contactos foi a concreción nun documento consensuado de distintas propostas para a implementación dos acordos recollidos na Estratexia de Lisboa e na de Gotenburgo, e presentando diante dos Xefes de Estado e de Goberno reunidos en Barcelona.

Coa Estratexia de Lisboa (marzo 2000), a UE marcouse como obxectivo converter Europa na economía mais dinámica, competitiva e sustentábel, con pleno emprego e unha cohesión económica e social reforzada. Sinalou como obxectivos cuantitativos a conseguir no 2010 a reducción á metade do número de persoas ameazadas pola pobreza, e o incremento das taxas de

emprego nun 70 %, con obxectivos parciais do 60% para mulleres e do 50% para persoas maiores. No Cumio de Gotenburgo (xuño 2001) engadiu unha dimensión ambiental, mediante a adopción da Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentábel, que aseguraría a consistencia das diferentes liñas de actuación cos obxectivos a longo prazo.

Polo tanto, semella que a UE e os estados membros téñense comprometido en numerosas ocasións a traballar polo desenvolvemento sustentábel e pola construcción de sociedades caracterizadas pola sustentabilidade. Agora ben, a vontade política non vai moito máis aló de manifestacións de intencións.

As distintas Administracións Públicas teñen a obriga de xogar un papel determinante na promoción do desenvolvemento sustentábel. As posibilidades que ofrecen a aplicación das distintas ferramentas fiscais e orzamentarias son a panca que pode mudar a insustentabilidade das políticas actuais. As aplicacións orzamen-

tarias europeas deben apoiar aquelas iniciativas que cumpran criterios de sustentabilidade, facilitando fondos as entidades locais para o desenvolvemento de aplicacións directas destes criterios (Axenda 21 Local, transporte público sustentábel, etc.). Tamén as políticas de subvención e exención fiscal deben guiar esta transformación social e económica, trasladando os subsidios de prácticas lesivas a aque-

**A UE e os estados membros téñense comprometido en numerosas ocasións coa construcción de sociedades sustentábeis. Porén, a vontade política non pasa da manifestación de intencións**

las sustentábeis. Un estudo do ano 2003 recolle 257 subsidios fiscais en temas de transporte, enerxía, minería e nucleares que poden ser cualificados de perniciosos, sumando un total de 25 billóns de euros que poderían trasladarse a fomentar outras prácticas más sustentábeis. Outro campo determinante neste senso son os procesos de licitación pública: as condicións das contratacóns realizadas polas Administracións Públicas deberían estar suxeitas a criterios de viabilidade ambiental e social.

Este é o cadre onde se enmarcou a Campaña "Investindo en desenvolvemento sustentábel" e o conseguinte manifesto. Tras a súa presentación no Cumio de Primavera, as tres organizacións acordaron facer un seguimento das prácticas das distintas administracións en canto a xestión orzamentaria e fiscal ligada á promoción do desenvolvemento sustentábel. Pódese ler o manifesto completo na web de ADEGA: [www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org)

## ADEGA PARTICIPOU NA CONFERENCIA EUROPEA

Os pasados días 1 e 2 de febreiro celebrouse en Dublín a Conferencia "Investindo en desenvolvemento sustentábel" na que participou un representante de ADEGA. Esta conferencia enmárcase dentro dunha Campaña conxunta promovida pola Oficina Europea do Ambiente (EEB), á que pertence ADEGA, a Plataforma Social e a Confederación de Sindicatos Europeos. O primeiro día traballouse en clave interna coa finalidade de afondar no artellamento e implicación dos propios grupos destas federacións na promoción e seguimen-

to da campaña e das posibles actuacións posteriores das distintas Administracións. O segundo día dedicouse aos contactos oficiais: unha reunión coa Presidencia de Turno Irlandesa da UE, na que se lle presentou o Manifesto da Campaña, unha mesa redonda co ministro irlandés de medio ambiente sobre Políticas integradas, e xa pola tarde, unha reunión de sobre a Estratexia Europea de Desenvolvemento Sustentábel coa Directora Xeral de Medio Ambiente da UE Catherine Day e co europarlamentario Proinsias de Rossa.

**CELEBRADA EN LUGO BAIXO O LEMA "AUGA, FONTE DE VIDA"**

# **ASEMBLEA ANUAL DE ADEGA**

Xosé Veiras\*

Lugo foi este ano o escenario elixido por ADEGA para celebrar durante os días 27 e 28 de marzo a súa asemblea xeral anual. Na cidade das murallas aprobamos o novo programa de traballo e fixemos un balanzo do labor desenvolvido ao longo do último ano, no que se traballou arreio en relación coa catástrofe do Prestige, sen por iso descoidar outras áreas. Os asistentes á asemblea puideron constatar importantes avances no fortalecemento organizativo da asociación, froito do compromiso de todos os activistas e socios e socias de ADEGA, que fan posibel que a asociación sexa un instrumento cada vez máis forte e útil en defensa do ambiente e a favor da sustentabilidade.

Como non podía ser doutro xeito, o Prestige seguiu moi presente no noso traballo: seguemento da situación na costa, accións reivindicativas (participación en Nunca Máis, marcha ecoloxista "En defensa do mar",...), continuación da organización do voluntariado para a recolla de fuel até xullo e organización dun encontro sobre voluntariado ambiental, etc. Porén, tamén se fixo un traballo destacábel nos eidos da educación, a información, o transporte, os residuos e a defensa dos ríos e dos montes. Asemade, participamos nas actividades contra a guerra.

Desde a pasada asemblea ADEGA continuou a se fortalecer para poder responder cada vez mellor aos desafíos ambientais. Neste senso, rexistramos o maior número de novos soci@s da nosa historia, o que se traduciu nun aumento do 15% da nosa base de socios e socias.

O crecemento da asociación tamén se reflectiu no balanzo económico. As maiores fontes de ingresos foron os convenios para o desenvolvemento de actividades de educación ambiental con Concellos e as cuotas dos socios e socias. Os ingresos por axudas da administración autonómica supuxeron o 4% do total.

## **PROPOSTAS PARA O 2004**

Como en anos anteriores, seguiremos a desenvolver, actividades de diverso tipo (seguemento de políticas públicas, reivindicativas, educativas, informativas,...). A catástrofe do Prestige seguirá a ter un protagonismo moi importante no noso traballo, así como a educación e a información ambiental. Procurarase pór en marcha o Proxecto "Ríos vivos" e reforzarse o traballo de promoción da compostaxe caseira. Ás actuais áreas de traballo sumaranse as de desenvolvemento sustentábel e transxénicos.

Na asemblea fixouse novamente un chamamento a todos os socios e socias para que participen dalgunha forma no



O peche da Asamblea foi a cargo do Justo de Benito, Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente; Alberte Sánchez, Secretario Xeral de ADEGA e Lino González Concelleiro de Medio Ambiente de Lugo

desenvolvemento deste programa de traballo a nivel galego e/ou no traballo propio das Delegacións existentes. Tamén se insistiu na importancia de se comprometer na captación de novos socios e socias.

## **A FAVOR DA COMPOSTAXE EN LUGO E DO SANEAMENTO DO MIÑO**

Os problemas e retos ambientais de Lugo tiveron un protagonismo especial durante a asemblea. Aprobáronse senllas resolucións a favor da compostaxe do lixo e mostrando "o noso apoio ao plano de tratamiento de lixo de Lugo" e en demanda do saneamento integral da bacia do Miño, como solución para garantir o abastecemento de auga de calidade a Lugo, en lugar de construir un novo encoro no río Narla. Esta última cuestión foi obxecto dunha interesante mesa redonda.

Os compañeiros e compañeiras de ADEGA-Lugo, cuxo traballo para a organización da asemblea foi loubado por todos os asistentes, prepararon diversas actividades abertas ao público, como unha interesante conferencia de Xoán Carlos Carreira, Director da Escola Poli-

técnica Superior da Universidade de Santiago, sobre "Universidade e Medio Ambiente" ou unha visita por Lugo guizada polo escritor e historiador Adolfo Abel Vilela.

Na web de ADEGA ([www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org)) podes ler unha crónica da asemblea. Os socios e socias que non puidesen asistir á asemblea e desexen recibir a documentación por correo electrónico poden pedila a [aeganacional@adegagaliza.org](mailto:aeganacional@adegagaliza.org).

Xosé Veiras e Secretario Executivo de ADEGA

## **MAL FUNCIONAMENTO DE CORREOS**

A Xunta Directiva de ADEGA pide desculpas polo feito de que algunas persoas non recibiran con tempo a convocatoria da Asemblea, o que foi alleo á nosa vontade e se debeu ao mal funcionamento do servizo de correos. Parte das cartas entregadas nas oficinas de correos antes do luns 8 de marzo non chegaron ao seu destino até despois do luns dia 30. A desculpa dada pola empresa foi a coincidencia coa campaña electoral, a pesar de que as eleccións tiveron lugar o dia 14 e a Asemblea de ADEGA quince días máis tarde. Ainda que o problema non foi xeralizado, tivo repercusión nalgúns comarcas.



[www.caixagalicia.es](http://www.caixagalicia.es)



C E I D A

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

O Centro de referencia para  
a Educación Ambiental en  
Galicia

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN MAIO - XULLO 2004

**28-29 de Maio** Curso de "Usos e aproveitamentos das plantas: actividades didácticas"

**3-5 de Xuño** Celebracións do Día Mundial do Medio Ambiente

**21-25 de Xuño** Curso de Introducción á Educación Ambiental

**1 de Xullo** Xornada sobre Cambio Climático e Medio Mariño

**2-17 de Xullo** Curso sobre a Historia do Castelo de Santa Cruz

**5-29 de Xullo** Curso de Sistemas de Información Xeográfica (GIS) aplicados ó Medio Ambiente, Riscos Naturais e Ordenación do Territorio

**7-8 de Xullo** I Seminario sobre a Problemática da Auga e Municipios

**9 de Xullo** Xornada "Parques para a Vida. Os Espacios Naturais Protegidos no s. XXI"

**19-23 de Xullo** Curso de Verán da Universidade Internacional Menéndez Pelayo:  
"Os Humedais, un patrimonio ambiental para o futuro"

Traballando pola sus-  
tentabilidade ambiental

INFORMACIÓN:

CEIDA - Castelo de Santa Cruz s/n (Liáns) 15179 OLEIROS - Tfo 981 630618 - Fax 981 614443 - [www.ceida.org](http://www.ceida.org) - [ceida@ceida.org](mailto:ceida@ceida.org)

# LINO GONZÁLEZ-DOPESO

## "É preferíbel investir na mellora da actual rede de abastecemento e no saneamento integral do Miño"

Lino González-Doposo é concelleiro con José López Orozco desde as eleccións municipais de maio do 2003. Médico de profesión e moi querido polos seus pacientes, pola súa cordial e minuciosa maneira de practicar a medicina, mantén a súa afición polas motos e unha peculiar imaxe, semellante á dun mariñeiro, que o afasta do prototipo habitual de político. Segundo afirma, a súa preocupación polo medio ambiente só se ve superada polo espírito solidario, o que o leva a substituír as vacacións por traballo voluntario en países en vías de desenvolvemento. Como Concelleiro de Medio Ambiente, propúxose tres obxectivos principais para Lugo: "mellorar a calidade da auga potábel, mellorar o contorno da Muralla e as zonas verdes, e conseguir unha cidade máis limpia".

- O Concello de Lugo rexeita o proxecto de abastecemento de auga do río Narla. ¿Que pasos vai dar respecto desta discrepancia coa Confederación Hidrográfica e a Deputación Provincial?

- Polo de agora, imos agardar por unha decisión do Ministerio de Medio Ambiente. O Concello en ningún momento foi informado convenientemente sobre este proxecto, que inclúe a construción dun encoro no río Narla e que precisa dun investimento superior aos 33 millóns de euros. Nós pensamos que este orzamento estaría mellor investido na mellora da actual rede de abastecemento e no saneamento integral do Miño, porque as análises demostran que a auga do Narla presenta os mesmos niveis de calidade que a do Miño, demostran que non é mellor. Por iso escribimos hai meses unha carta á Confederación Hidrográfica na que lle faciamos esta proposta.

- Puxo en marcha a recollida selectiva de pilas. ¿A poboación é receptiva?

- A verdade é que está a funcionar moi ben. Esta campaña de recollida faiuse en colaboración coa Asociación Española de Recuperadores de Pilas e Acumuladores (AERPA). Puxémola en marcha a finais do ano pasado, para o que se instalaron 21 colectores de pilas en distintos puntos da cidade. Un mes despois de colocálos xa estaban cheos.

- ¿Cómo vai incentivar a recollida selectiva de residuos sólidos?

- O ano pasado fixemos un estudio para avaliar a disposición da industria e do comercio para colaborar na recollida selectiva de residuos. En principio a resposta foi positiva. De feito, neste momento estase a desenvolver unha serie de xuntanzas informativas para explicar o proceso e incrementar a concienciación cidadá.


- E o proxecto de compostaxe, ¿en que fase se atopa?

- Neste momento hai un recurso dunha das empresas que se presentou ó concurso de adxudicación, que é un recurso extraordinario de revisión, onde manifesta que houbo erros de feito no momento de valorar a adxudicación.

A Corporación Municipal ten que decidir se admite ou non este recurso. Se non o admite, seguiría sendo a mesma adxudicataria, entón poriase en marcha automaticamente o proceso de construcción da planta. Se o admite, teoricamente tería que reunirse novamente a mesa de contratación, volver puntuar e, despois, teríamos unha nova ou a mesma empresa adxudicataria.

- A mellora das zonas verdes é unha das súas prioridades. ¿Que se fixo ata o de agora?


- Fixemos un novo xardín na Avenida da Coruña, instalouse rego por aspersión en distintas zonas verdes, entre as que están as medianas da Ronda do Carme e de Fingoi, e mellorouse o coñado xeral de todos os xardíns da cidade. Ademais, o Concello iniciou este ano o mantemento das zonas verdes do polígono industrial do Ceao, onde se están a



arranxar as rotondas. Estamos agardando a recibir a obra do Parque Marcos Cela, onde pensamos instalar unha pasarela. Tamén temos a intención de fazer un xardin en Entre Carrís.

- ¿Que lle gustaría que lembrasen do seu labor no concello?

- O mellor que lle pode pasar a calquera é que ningún se dea conta de que está, pero que, cando marche, o boten de menos. Eu teño un lema: chegar en silencio e saír sen facer ruido... (rise). A miña intención é mellorar a calidade da auga e sanear o Miño, mellorar o contorno da Muralla e a limpeza da cidade.



# DANIEL LÓPEZ VISPO

## "OS TRIBUNAIS DÉRON A RAZÓN A ADEGA E AOS VICIÑOS, ANULANDO A LICENCIA DE INCINERACIÓN DE PNEUMÁTICOS NO OURAL"

Daniel Vispo leva máis dunha década traballando sen descanso no ecoloxismo galego. O seu contacto con ADEGA ven de comezos dos pasados anos noventa, ao implicarse na resposta veciñal e ecoloxista a diversas agresións ambientais, salientando as loitas contra o encoro de Navia, polo saneamento do Miño e a calidade da auga potábel en Lugo, ou contra o paso da Autovía do Noroeste polo Val do Neira. Xunto con outras persoas, impulsou a organización e o medre de ADEGA en Lugo, foi Secretario Xeral de ADEGA (1999-2002) e actualmente é Vicepresidente.

- ADEGA-Lugo ven de acoller a XXIX Asemblea Xeral de ADEGA. Qué obxectivos tíñades nela?

- Cando a Directiva nacional nos fixo este ofrecemento, en ADEGA-Lugo aceptámolo gostosos, pois íanos permitir resaltar áinda mais os problemas ambientais urxentes nos que estamos a traballar: o saneamento do Miño, a denuncia do proxecto de encoro de Narla, a compostaxe, a incineración de pneumáticos, etc. Tamén nos ia servir para impulsar a consolidación e presencia de Adega-LUGO. Penso que se cumpliron os obxectivos.

- Proponse o encoro do Narla para dar auga potábel a Lugo. Porqué se opón ADEGA a este encoro?

- Non discutimos que a auga de Lugo necesite ser mellorada; ao contrario, pensamos que é manifestamente mellorábel. Pero esta mellora ten que pasar polo saneamento integral do Miño. Ningunha xustificación pode haber para que, apenas a 70 quilómetros do nacemento, o Miño non nos poda ofrecer unha auga potabilizada de máxima calidade. O encoro do Narla, con case 40 metros de altura, causará graves e irreversibles impactos nun espazo proposto para a futura Rede Natura. Ademais é absolutamente innecesario, e non garante nen máis nen mellor auga que a que ofrece o Miño.

- ADEGA-Lugo tamén está a impulsar a loita contra as minicentrais noutras partes de Galiza

- Entendemos que esta é a mellor forma de denunciar o impacto ambiental (e a inxustiza) de todos estes proxectos, destacando que non se trata do impacto sobre un río aillado, senón que todos están sendo innecesariamente afectados. Despois de termos sacrificados os nosos mellores vales con grandes encoros, non pode haber razóns nen é de xustiza que agora teñamos que sacrificar o que queda

de mellor conservado dos nosos ríos: as súas cabeceiras. Temos que perseverar nesta loita, e non tardaremos en gañala, como o demostra a batalla gañada agora ao Ministerio de Obras Públicas e ás empresas eléctricas no caso do encoro de Navia: unha recente sentencia ven de dar a razón á Coordenadora contra o Encoro, ao requerir a tramitación dunha avaliación de impacto ambiental.


esterilización en autoclave teñen demostrado sobrada eficiencia. En canto á incineración de pneumáticos na fábrica de Cementos do Oural, o Tribunal do Contencioso Administrativo de Lugo ven de darnos a razón, a nós a aos veciños, anulando a licencia de incineración concedida polo anterior alcalde, Claudio Garrido, do PSOE.

- Qué está a pasar co proxecto de compostaxe para Lugo acordado polo anterior goberno municipal?

- Foi unha das reivindicacións prioritarias de Adega-Lugo, e logramos que a anterior Consellería de Medio Ambiente botara a andar o proxecto de compostaxe, estando xa axudicada a construcción da planta antes das últimas eleccións. Na actualidade, o proxecto parece avanzar mui pouco, pero estamos seguros que non ten volta atrás. Niso estamos a traballar nós e muitas das asociacións de veciños de Lugo.

- Como avalías en xeral a situación de ADEGA e do ecoloxismo galego?

- Con motivo da catástrofe do Prestige, os compañeiros e compañeras de ADEGA demostraron uns coñecementos e unha capacidade organizativa e de mobilización amplamente recoñecida. Viñamos medrando e reforzamos ese medre. Agora ben, nunca seremos de más: compre seguir medrando en recursos humanos, en recursos económicos e en eficiencia organizativa. Outro tanto cabe dizer do resto do ecoloxismo galego. Por outra banda, agora que parecen xa superadas discrepancias (moitas veces más persoais que reais) de décadas pasadas, eu vería moi útil que empezáramos por superar o excesivo minifundio do ecoloxismo activo en Galiza. Frente aos moitos e duros os retos que nos esperan, estaremos mellor defendidos se somos más e ben organizados.



- ADEGA-Lugo ven de ter un éxito contra a incineración en Becerreá e en Oural, non?


- Grazas á implicación entusiasta de veciños e veciñas da vila, conseguimos que os promotores, -a pesares de contar co apoio do concello e a indefinición inicial do PSOE-, acabasen por renunciar ao seu proxecto de ubicar en Becerreá catro fornos incineradores para queimar residuos sanitarios e perigosos, con nulas garantías sanitarias e de salubridade. A incineración deste tipo de residuos de ningunha maneira pode ser xustificada. Tecnoloxías como a

# É MERLÍN DIXO ¡NUNCA MÁIS!

Rosa Aneiros

O Mago Antón di que non sabería escoller entre Merlin ou Harry Potter. Asegura que sería como escoller entre un pai e máis un fillo, polo que ficaría coa experiencia do mindoniense e coa frescura de inglés. Coa tradición pero tamén coa innovación ás costas, o Mago Antón trae ilusión e alegria a todos os públicos que se deixan enguedellar polo meigallo da maxia. Velaqui os efectos para conseguirmos un mundo máis ecolóxico. Advertencia: Esta entrevista está inzada de efectos, pero non vou ser eu quien os revele. Todo é cuestión de abrir ben os ollos. E abonda con soñar.

Pensei nunha conferencia para magos sobre o tema "do maltrato ós animais", de catro patas, claro, porque maltrato dos de dúas xa se encarga o Sr Busch



- A tua páxina web reflexa un fondo mariño pero non hai restos de pecios cargados de petróleo. Dinos que efecto fixeches para solucionar o problema dos cascallos do Prestige que ainda están no mar.

- Lembro ben aqueles días dramáticos porque segundo a miña modesta opinión o chapapote apareceu en tres frentes: 1º Atopeño no fondo mariño da miña páxina web, 2º Os nosos corazóns cobrironse de negrura e 3º O chapapote pintou a nosa realidade, a nosa esperanza e a nosa economía de sensaciones nada ecolóxicas.

Sen lugar a dúbidas, o más doado foi amañar a desfita na miña páxina web. Chamei o Sr. Photoshop e resolvín cos seus consellos e coas súas ferramentas o problema. Dou fe que a realidade virtual da miña web quedou esplendorosa.

- ¿E nos corazóns?

- Ai é máis difícil de resolver o estrago. Somos un pobo que foi ferido

no punto máis sensible que é o da súa dignidade. Estes acontecementos só poden ter unha lectura positiva para a clase política: Coas cousas de comer e coa ecoloxía non se xoga. Agardo que aprendean a lección.


O fuel segue estando presente no fondo do mar como se dun dragón se tratase. Xa pasou moito tempo e ainda segue botando lume. Todos os ecoloxistas do mundo temos a esperanza de que este mal soño finalice algún día e cando Ilo contemos os nosos fillos este conto poida rematar dicindo: "E nisto, entre as augas, apareceu maxestuoso o dragón, e cando mirou dende a inmensidádo do mar como se queixaban de dor as árbores nun bosque que ardía inexorablemente, botou pola súa boca miles de litros de auga e así fuí zompo o dragón conseguiu que viviran en harmonía a terra e o mar".

- ¿Compartirás connosco as medidas para evitar novos desastres ecológicos nese océano tan limpo?

- Sempre pensei que a maxia é o medio de comunicación máis directo para dicirlle ó público o que sinto. Dende aquel desastre ecolóxico montei moitos xogos para que non esquezamos nunca o que sucedeu e tamén para que non voltremos a tropezar na mesma pedra. Un dos xogos que fago nas miñas actuacións comeza amosando todas as follas dun libro que son azuis e digo "O mar". A continuación volvo ensinar as follas e agora están todas negras e digo "A mar". E xa para rematar, de novo mostro as follas e xa se pode ler en todas elas Nunca Máis, e digo "A solución". Esto podería ser un canto á ecoloxía en plan minimalista.

- Nos últimos tempos saíronche duros competidores no mundo da política como aquel que dijo que o fuel se li "evaporar" ¿que opinas destes novos magos que xorden cada dia nos medios de comunicación?

- O alcume de magos quedálles un pouco grande. Eu chamariños "charlatáns de feira". Un mago é un creador de



O Mago Antón: "O medio ambiente galego precisa dunha maxia de forte impacto que transformara a mente dos transformadores".

ilusións e un "charlatán de feira" é un vendedor de remedios milagrosos que ofrecen o ouro e máis o mouro. O remate eles quedanse co "ouro" e os contribuintes deixan os o "mouro".

- ¿Qué xogos de maxia necesita o medio ambiente galego con carácter más urgente?

- Penso que o medio ambiente galego precisa dunha maxia de forte impacto. Esa maxia sería transformar a mente dos transformadores. Con esta primeira medida habería un cambio no fondo do problema e co tempo poderíamos empezar a soñar cun medio ambiente normalizado.

#### EFEKTOS PARA UN ESPECTÁCULO ECOLÓXICO

- ¿Qué é necesario para crer na maxia: inocencia ou intelixencia ou ambas as dúas?

- Para crer na maxia é preciso non perder nunca a capacidade de sonar. Os soñadores podemos facer que as cousas imposibles se fagan posibles. Sempre pensei que a inocencia debería ser patrimonio da humanidade. O meu mellor auditório para un espectáculo de maxia son centos de homes e mulleres, de nenos e nenas concentrados nun desexo. O remate a maxia faría que os seus soños ou os seus deseños se cumprisen.

- Os animais son compañeiros inseparables dos magos. ¿Que medidas empregas para que non sofran nas túas funcións?

- Non hai moito tempo tiven un soño. Estaba eu todo encollido dentro da escuridade. Había un coello facendo un espectáculo para centos de coellos e do sombreiro saía eu con cara de moi poucos amigos. Xá no camerino o coello dixome que a miña aparición sería máis vistosa con un sorriso nos bezos. Dixéelle que iso era doado de amañar se asinábamos ámbolos dous unha folla programática de dez puntos. O certo é que cando la asinar, despertei. Lembrome que ese día estiven máis pendente dos meus axudantes: o peixe "Cousteau", a ra "Ramona" e o coello "Zacarias".

Contareiños unha anécdota. Unha vez eu fui acusado de maltratador por un xogo que fixen nun congreso mundial de magos (Fism) que se celebrou en Holanda. O caso é que o meu peixe Cousteau sabe adviñar cartas e alguén quixo negociar para sairmos na televisión con tan innovador efecto. Non chegamos a ningún acordo e supón que por iso me dixeron que había sospeitas de que eu maltrataba a Cousteau e que debía deixar de facer o xogo. Eu defendinme dicindolle que me parecía que esa decisión tan absurda debiase a que eu maltratara a un animal, pero que tiña dúas pernas, ao non aceptar a súa proposta televisiva. Dende ese momento pensei en montar unha conferencia para magos onde se poña enriba da mesa dunha maneira científica o tema "Do maltrato os animais", de catro patas, claro, porque do maltrato dos de dúas xa se encargá o Sr Busch.

#### O MUNDO DA MAXIA HOXENDÍA

- Desde o ano 1976, con case trinta anos facendo maxia, o mundo virou moitas veces. Ademais parece que unha nova fornada de magos se abre camiño hoxendía. ¿Como evolucionou a maxia, particularmente en Galicia dende entón?

- Os magos non podemos descoidar a nosa formación xa que son muitos os avances da tecnoloxía, mellor os libros

de historia e moita a necesidade que ten a sociedade de crer na maxia. Polo tanto non temos tempo que perder. A sociedade galega segue agardando por unha chea de magos para que a transformen no que todos soñamos. Esa maxia que busca a transformación do país está na utilización do seu idioma, no coñecemento dos seus tesouros e sobre todo na confianza que teñemos para dicirle ó resto do mundo que Galicia é un pobo que cre na maxia, que é o mesmo que dicir que este país da fin do mundo ainda cre nas utopías.

- Vostede emprega a lingua galega nos seus espectáculos, ¿é máis máxica a maxia en galego?

- Non sei se sera máis máxica por facela en galego. Eso teñeno que dicir os espectadores. O que si che podo decir é que a nivel persoal para mim é "máis auténtica" xa que a maxia que fago non só é para divertir e para sorprender, senón para "facer pais".

- Unha páxina web con efectos de maxia, un espectáculo móvil co Micromagomóvil, a revista Bule Bule, contos, banda deseñada co Mago Antón como protagonista... parece que o tempo dos magos tamén se moderniza.

- Os magos somos grandes soñadores e polo tanto vivimos na maxia as vinte catro horas do dia. Buscamos novos camiños para poder comunicarnos co público. A modernidade da maxia está nos libros, nas bandas deseñadas, en internet, no teatro, no cine, nunha flor, na ecoloxía e sobre todo a maxia está no corazón de cada quen.

- Finalmente, o mago Harry Potter logrou que miles de nenos do mundo regresen ao pracez da lectura. ¿Que querería conseguir o Mago Antón?

- Xa me daria por satisfeito se consigo que os nenos galegos e non galegos se enganchasen á maxia da ecoloxía xa que iso fariame pensar que o mundo que lles agarda sería mellor que o mundo no que estamos a vivir.

# ONDE MERCAR PRODUCTOS ECOLÓXICOS NA CORUÑA (II)

ADEGA-Coruña\*

Continuando coa reportaxe do anterior número da Cerna, incluimos desta vez a información doutra tenda, Daldea Pousadoira, aberta recentemente. A tenda forma parte dun proxecto máis amplio de produción propia de agricultura ecolólica. Os donos tamén contan desde hai anos cunha casa de turismo rural, na que xa ofrecían os seus productos de agricultura ecolólica. Daldea Pousadoira leva aberta na cidadae de A Coruña desde o mes de Decembro do 2003. Pero antes veremos brevemente como recoñecer estes produtos.

## A ECOETIQUETA OU SELO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA

Por agricultura ecolólica entendemos un modo de producción respectuoso co medio ambiente, que respeita a biodiversidade, fomenta as especies autóctonas e non ataca ao medio ambiente.

Pero, ¿como nos aseguramos de que o que nos están a vender cumpre todos estes requisitos? Para comezar, ao chegar ás tendas atoparémonos cun sinfín de productos autodenominados "bio", "de horta ecolólica", "de producción verde", "natural", calificativos cos que as comercializadoras intentan convencernos das súas bondades, áínda que non sempre garantan a ausencia de impacto ambiental durante o ciclo de vida dos mesmos.

O mellor xeito de asegurarnos unha compra realmente ecolólica é adquirir produtos avalados por un Consello Regulador de Agricultura Ecolólica (CRAE). Pero aquí tamén atoparemos un sinúmero de selos ou "ecoetiquetas". Hainas oficiais ou privadas, diferentes para cada país e para cada colectivo.

Así, temos o selo que identifica os productos avalados polo CRAEGA ou



Vistas da tenda Daldea Pousadoira, recentemente aberta en A Coruña. Abaixo, casa de turismo rural A Pousadoira

Consello de Regulación da Agricultura Ecolólica en Galiza, que deberíamos coñecer ben. Na sua web ([www.craega.es](http://www.craega.es)) podemos atopar o regulamento que deben cumplir os productos de agricultura ecolólica do noso país.

En España existe un selo para cada autonomía, co mesmo tamaño, cores e debuxo (agás Andalucía), áínda que non

coincida exactamente o logotipo. Todos os productos deberían incluir no seu etiquetado, ademáis do selo, o nome e/ou código do organismo certificador que o avala, e opcionalmente a identificación do productor.

Moitos dos productos de agricultura ecolólica vénse a granel e, lóxicamente, non levan etiqueta. Pero chegan ás tendas cun volante de circulación que se exporá xunto ao producto, e no que aparece o selo do organismo certificador.

Ademais de distinguir os productos de agricultura ecolólica, existen outras regras de ouro do consumidor consciente e responsábel, como son mercar froitas e hortalizas de tempada, decidirse por produtos da propria comarca ou localidade, e evitar embalaxes innecesarios.

  
**Casa Pousadoira**

Fermosa casa tradicional restaurada. Situada a 15 Km do parque natural Fragas do Eume e a 8 Km da Praia Grande de Miño e a 800 m do río Lambre. Ademais Adegas Pousadoira foi a primeira adega en sacar ao mercado Viño de Betanzos etiquetado e hoxe é o máximo exponente dos Novos Viños de Betanzos.

Tlf. e fax.: 981-195118.  
Móvil: 629-280565



Turismo rural, horta ecolólica e produción de viño de Betanzos



Selo do CRAEGA e selo da UE

## DALDEA POUSADOIRA

San Luís 63, A Coruña Tlf. 981 912 165

### Productos?

Os que máis éxito teñen son os embutidos e salazóns da Fonsagrada. Tamén vendemos moito un pan artesán galego, moi bo, e que dura fresco varios días. Os ovos da casa e o queixo tamén son moi apreciados. A lista de productos inclue os seguintes:

- De Agricultura Ecológica: conservas, lácteos (ovos, queixos, iogures...), cereais, legumes, hortalizas frescas, mermeladas, arroz, viño, ...
- Con Denominación de Orixe: viño, queixo, hortalizas, embutidos, arroz, mel, ...
- De Elaboración artesá: mermeladas, queixos, conservas do mar, chocolates, ...

### Beneficios deste tipo de produtos?

Como a min me gusta dicir, os produtos da nosa tenda cumpren "os tres S": Saborosos, Saudábeis e Sostíbeis. Son saborosos porque todos son produtos escollidos pola súa calidade. Bos para a saúde desde logo, os de agricultura ecológica son produtos moi controlados, ao igual que os que cumplen unha Denominación de Orixe, que pasan por diversos controles. En tanto ás elaboracións artesás, veñen de pequenos produtores que empregan unha boa materia prima e poucos productos químicos. E tamén está o beneficio socioeconómico e para a natureza: mercámoslle directamente ao productor, son produtos de proximidade que protexen a natureza e fomentan o pequeno comercio.

### Canle de distribución?

Os produtos frescos veñen de Galiza, en ningún caso de fora.

Si temos produtos, moitas das Denominacións de Orixe por exemplo, doutras partes do Estado, pero non de outros países.

### Con selo dos comités reguladores?

Todos os productos que chamamos de agricultura ecológica están certificados, por medio da etiqueta ou ben do volante de circulación. Tamén temos produtos que non son de agricultura ecológica porque a filosofía da tenda é a de ofrecer productos de calidade e unha variedade que non teríamos se nos tivessemos limitado soamente a produtos con selo.

\*Esta reportaxe de ADEGA-Coruña foi realizada por Miguel Lima

## ENTREVISTA A BEGOÑA DE BERNARDO MIÑO

### Os productos da praza xa non pasan por ecológicos: hoxe búscase moito mais a etiqueta

Begoña e Miguel Anxo conxugan turismo rural e agricultura ecológica desde hai dez anos na casa Pousadoira, en Miño. Agora veñen de abrir a tenda Daldea Pouisadoira na Coruña. Conversamos recentemente con Begoña sobre esa experiencia pioneira.

- Cómo xurdiu ese primeiro proxecto?

- A idea nace co meu proxecto de fin de carreira, recuperar unha casa e unha horta abandonadas e darlle unha explotación sostible e viábel. Levamos xa bastantes anos coa casa e a produción para consumo propio. Agora damos o salto de abrir a tenda.

- Despois de tantos anos como produtores ¿notades un cambio no consumidor de agricultura ecológica?

- Si, por suposto, un cambio moi grande. Agora o coñecemento e as exigencias son moi maiores. Lembro que cando comezamos había moita confusión. Fixéramos unha enquisa á ciudanía, nos mercados, e moita xente non tiña claro o que era a agricultura ecológica. De feito, bastantes persoas consideraban os productos que mercaban na plaza como "de agricultura ecológica", a pesar de que non estaban avalados por ningún selo. Hoxe búscase moito más a etiqueta.

- Que debe cumplir un producto para obter a etiqueta de agricultura ecológica?

- Debe cumplir o regulamento da Unión Europea e a da Comunidade Autónoma. A grandes rasgos, son catro cousas:

1º Débese manter a fertilidade de xeito natural, sen empregar fertilizantes químicos, sen pesticidas ou herbicidas, escollendo especies autóctonas ben adaptadas, cunha axeitada rotación de cultivos, ....

2º Ten que pasar un período de reconversión desde que se comeza a tratar o solo de xeito ecológico ata que se poidan vender os produtos como tales.

3º A explotación non pode afectar á estabilidade do hábitat nin ao manteemento das especies da zona.

4º Está prohibido empregar organismos modificados xeneticamente.

- Coñecedes o CRAEGA desde os seus inicios. Qué tal está a funcionar?

- Cando se traspasaron as competencias ás comunidades, nós xa estábamos inscritos no CRAE estatal. Ao principio o CRAE galego funcionou moi mal e foi todo moi lento; non había

etiquetas, non había inspeccións... Os dous primeiros anos estivo completamente parado, e durante os dous ou tres seguintes todos os vocais pediron a destitución do presidente. Remataron por cambiar os vocais. Hoxe está funcionando mellor.


- E as inspeccións, ¿son frecuentes? ¿son rigorosas?

- Creo que non está estipulado o número de inspeccións mínimas. Á nosa casa veñen unha vez ao ano, e fannos unha entrevista para comprobar se cumplimos a normativa. Tamén hai que ter en conta que estes anos non estivemos comercializando, co cal enténdese que non fosen moi esixentes. Pero coñecemos casos de produtores aos que lle foi retirada a etiqueta tras analizar as mostras de terra.





“Igual que o mar logo recobra o seu ámeto  
nos malecós i a fábrica do rompente]  
así o nome da patria se fai co dos mortos  
máis seus”  
UXÍO NOVONEYRA, Elexía a Luís Seoane, 1980



A D E G A

A derradeira visión dun home nunca pode ser a negrura, porque a vida sempre busca proxectarse, erguerse na quentura do sol para gardar a liberdade na retina duns ollos de soberanía. Ti sabialo, e buscaches a túa forma de liberdade, o teu recuncho de soños anárquicos que che permitira describir a túa ruta en paz, na mesma paz coa que o mar rebota a súa liberdade nos cantís. Logo veu o que veu: os berros que non se escoitaron, as mentiras a xeito de somnífero contra unha patria debruzada nun mar de medo, ou as palabras que feriron a democracia. Veunos todo, e ti fúcheste envolto no silencio da solidariedade que nos ergueu a Galiza que estivo a piques de esmorecer rumbo ao futuro. Un futuro azul e branco onde florecer nos caraveis vermellos dun abril debuxado en luces de porvir.

Man, nós non te esquecemos, seguimos aquí. Porque nos queda a conciencia, a palabra, a lingua, a historia e a identidade que lle amosa ao mundo que fomos capaces de autoconstruírnos sen guerra e con loita, máis alá dos que bailan a rasPITA á sombra da mentira. NUNCA MÁIS. Contra a mentira, sempre cremos na verdade, e a verdade estaba naquelas rúas, naquela mocidade que sentiu que a vida era deles, que o mar lle era imprescindible e que ningún ministro de fermento tiña dereito a facelos emigrar da súa terra. Entón empezou a marea de dignidade; os corazóns golpeados pola mentira reaccionaron con palabras, con poemas, con música, con lembranzas para ti; había que rescatar o teu museo, a túa obra, a túa vida, o mellor de ti non podía morrer, tiña que ficar con nós para sempre, como o bravío do mar que debuxaches nos ollos para vivir.

Nós seguimos a nosa ruta de protesta berrando no silencio espeso dunha cidade de cristais anoitecidos. Sempre estivemos aquí, Man, no camiño das palabras, pobo a gardar o seu patrimonio da ira capitalista que intenta aniquilarnos ao seu antollo descARAO. Nunca o conseguirán, porque nós alimentamos a memoria do pan que sementamos no fondo da conciencia.

Man, chegará un día no que a patria valorará as salinidades do mar. E seremos libres, máis alá do mar e da patria. Entón o teu nome agromará como cerna das nosas arelas de horizonte novo purificado nesa nosa masa de auga, o noso mar, 100% DIGNIDADE.

Texto: Iago Pérez Santalla

Ilustración: Miguel Cuba Taboada



# LOITA CONTRA OS ENCOROS DE FENOSA NO ALTO ULLA UNHA FERVENZA DE ACTIVIDADES PARA SALVAR AS TORRENTES DE MÁCARA

Xesús Pereiras

Diferentes organizacións estanxe a mobilizar no cerne de Galiza para salvar o espazo fluvial mais singular de toda a bacía alta do Ulla: as Torrentes de Mácaras ou de Ramil, situadas entre os concellos de Palas, Antas e a Golada. Nun tramo de perto de tres kilómetros o río salva un desnivel de uns 100 metros de altitude cunha serie continua de fervenzas e rápidos de enorme beleza e que deben ser dos mais longos do País. Mas non se trata só do río, senón que a topografía fragosa e inaccesible determinou un ecosistema de ribeira ben conservado, onde son protagonistas árbores que están aquí no seu límite ambiental como os érbedos e sobreiras, acompañados dos freixos, ameneiros, salgueiros, ...

Pois ben desde asociacións ecoloxistas como ADEGA, a plataforma para a defensa do Ulla, a Coordenadora Galega para a Defensa dos Ríos (COGADER), os Lobos de Vilar de Donas, curuxás de Melide, así como a asociación de pescadores da Ulloa ou a comunidade de Montes Outeiro-Ramil-Basadre, todo este amplio espectro asociativo está decidido a impedir que o encoro de Frádegas non se leve a termo. E para iso promoveron neste inverno conferencias sobre os efectos dos encoros ou sobre o valor deste ecosistema fluvial en Monterroso, Medide e Golada, impartidas polos biólogos Xesús Pereiras, Xurxo Mouríño e polo representante de ADEGA Daniel López Vispo. Mesas redondas en Palas de Rei, Melide e na Golada onde ademais dos citados participaron o antropólogo Xerardo Pereiro, o representante dos afectados Marcial Barral, axentes de desenvolvemento comarcal, así como representantes políticos dos diferentes concellos. Realizouse un roteiro informativo pola beira sul das Torrentes onde se resaltaron non só os valores ecolóxicos do río senón tamén históricos (presencia de petroglifos, mámoas, o castelo de Pambre), antropológicos (os muiños e batáns, as pesqueiras, o canle da antiga presa, as augas medicinais...), para comprender a necesidade de preservar este espazo e o seu contorno e incluílo nesa rede de lugares de interese que poderán revitalizar esta comarca.

Tamén a asociación de pescadores da Ulloa, ademais da continúa información aos seus asociados e a intensa presencia na prensa, organizou unha exposición fotográfica itinerante onde se resaltan os valores estéticos do río. Polo que atinxe aos afectados, representan-



As actividades en defensa do Ulla tiveron sempre un toque de cor e orixinalidade.

tes de ADEGA de Lugo, así como o membro desta asociación e afectado pola presa, Marcial Barral, tiveron diversas reunións cos veciños para informalos da presentación de alegacións e constituir unha coordenadora que xa conseguiu que nos diferentes concellos ( todos menos o de Antas de Ulla) se celebraran sesións plenarias onde se manifestou o acordo de oposicione ao encoro.

Coa finalidade de sair do ámbito comarcal e dar a coñecer este interesante espazo a un maior número de persoas, así como para reivindicar outros usos dos nosos ríos, alternativos ao enerxético, celebrouse unha descida e exhibición de Kaiak Extremo e un roteiro polas beiras das Torrentes no pasado 15 de Febreiro. Unhas 400 persoas participaron no percurso ou disfrutaron como espectadores do espectáculo dos pira-

güistas das empresas Arrepións, Turnauga e Vaguada, finalizando a celebración cunha comida-festa no lugar de Ramil. Como remate, Daniel López Vispo representante dos ecoloxistas e Antonio Rodriguez Guerra, representante dos pescadores, lerón sendos comunicados manifestando, mais unha vez, o rexeitamento aos novos encoros no río Ulla por seren totalmente desnecesarios e por ter sacrificado xa, no noso País, demasiados ecosistemas fluviais con esa finalidade.

E tamén en febreiro, os mércores de Cinza, COGADER escenificou a "morte do Ulla" co entierro da troita, que levamos en procesion fúnebre desde a praza do Obradoiro até as Oficinas de Unión Fenosa en Compostela, onde lle fixemos entrega dun escrito para que reconsiderase as suas intencións no río Ulla.

## SITUACIÓN ADMINISTRATIVA E ALEGACIÓNES CONTRA OS PROXECTOS

Xoán Louzao. COGADER

Entre decembro do 2003 e febreiro do 2004, a Consellería de Industria someteu a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública, a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución así como a lista de expropiados de cada un dos seis encoros que Augas de Galicia autorizou a Unión Fenosa, en virtude dunha concesión franquista do ano 1962. Con este trámite a Xunta dá o penúltimo paso para que Fenosa poida comenzar as obras destes proxectos. O último acto administrativo será a resolución de Industria pola cal se autorizarán ou se denegarán estes proxectos (esta resolución está pendente de dictar neste momento). O lóxico sería que se atenderan as alegacións presentadas, e esta Consellería denegue a autorización. A realidade e os antecedentes dinnos que isto último é pouco probabel, a vista do sometemento da Xunta aos intereses de Unión Fenosa.

Como xa sucedera no ano 99 (ver o nº 27 de Cerna), con máis de 8000 alegacións, contra os actuais proxectos presentáronse outra vez miles de alegacións: contra os dous encoros do Árnego -Lamas 1 e Lamas 2- cincocentas alegacións, contra o de Sexo- Belmil unhas duascentas, o encoro de Frádegas recibiu mil duascentas, e os dous encoros de regulación tres mil cincocentas -1.000 alegacións o salto 1 e 2.500 o salto 2-. Polo tanto máis de 6.000 alegacións de outros tantos particulares en total. Tamen os concellos de Touro, Arzúa, Santiso, Agolada, Antas de Ulla e Palas de Rei presentaron alegacións.

Como argumento común en todas as alegacións está o da caducidade da concesión pola falta de uso e polo incumprimento dos prazos establecidos, ademáis de múltiples irregularidades como a falta de publicación da concesión, ou as modificacións sustanciais respecto dalgunhas das características iniciais.

Onde máis evidentes son estas irregularidades é nos chamados encoros de regulación augas abaxo do encoro de Portodemouros. Fenosa solicitaba tres presas de 20 metros de alto cada unha que anegaban 8,8 km de río e afectaban a 368.000 m<sup>2</sup> de superficie. Augas de Galicia concede duas presas pero de 35 metros de alto cada unha delas que en total anegan 10 km de río e afectan a unha superficie de 1.262.000 m<sup>2</sup>. O ámbito de afectación é moi superior ao indicado na Declaración de Impacto Ambiental e ademáis aparecen agora unha grande cantidade de propietarios con fincas a expropiar que non o eran até o de agora. Estamos ante unha clara e manifesta ilegalidade. De feito, propietarios afectados por estas duas presas recorren ao valedor do Pobo, quen admitiu a súa queixa e lla trasladou á Consellería de Medio Ambiente.

Xosé Antonio Rodríguez

## ¡GALIZA NON PODE SER ESCRAVA DE FENOSA!

Xosé Antonio Rodríguez é secretario da "Asociación de Pescadores do Río Ulla", que conta cuns cincocentos afiliados e contínua a crescer. Conversamos con el, e con Antonio Gato Soengas, Alcalde de Monterroso, no mesmo Ulla.

- Cales son as razóns principais polas que están en contra?

- As razóns principais son a migración de troitas, o impacto ambiental e a desaparición das torrentes e a súa beleza natural que provoca a erosión da auga nas rochas.

- Hai discordia respecto á construción da presa entre os socios?

- Non, todos están en contra da construción deste encoro. Pero, ningún se mobiliza para evitalo, só os altos cargos desta asociación se encargan de levar a cabo as protestas.

- Como influirá a presa nas capturas?

- Agora, a captura media por persoa e día de pesca é de oito a dez troitas. Cos encoros, hai estudos do Ministerio de Medioambiente que prevén unha baixada do 70%, xa que ao estancárense as augas do río prodúcese un proceso de semieurotrofización onde as troitas adquieren unha enfermidade no sangue que acaba con elas.

- Ademais da pesca ¿A que máis aspectos afecta?

- Afeta á paisaxe, á fauna especial que vive no río, á migración das aves, á selvicultura e ao ecosistema en xeral.

- ¿Que farán para evitar a súa construcción?

- O que xa fixemos ata agora: manifestacións, paneis fotográficos do río Ulla, alegación legais, reforma de refuxios, utilización deportiva do río (dous campeonatos de España e un galego), baixadas de Kaiak, motivación da xente, en definitiva, dar a coñecer o Ulla.

- ¿Encontra algún tipo de vantaxes no proxecto?

- Non, porque ainda que a electricidade é necesaria, os poucos kw que van ser obtidos non compensan o enorme dano que causa no río. Galiza non pode ser escrava de Fenosa, xa que hai máis alternativas que o meu ver causan menos danos.

- ¿Como se informan da evolución do proxecto?

- A información que dan é mínima xa que queren que se manteña en penumbra todo o relativo ao proxecto para que non existan queixas nin protestas legais.

Entrevista realizada, por Laura Irago, Patricia Cobas, Lidia Sanxurxo, Rocío Rodríguez e Rocío Liz, alumnas de 2º de Bacharelato de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente do IES Lucus Augusti (Lugo).

# ROTEIRO POLAS FERVENZAS DO ULLA

Ramsés Pérez\*

Este roteiro sitúase no centro de Galiza, na zona máis occidental da Comarca da Ulloa, País do Alto Ulla como a denominou Otero Pedrayo, conformada polos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei. Os dous percorridos Ramil-Frádegas e Frádegas-Ramil que se describen aquí, xunto con outras variantes como Frádegas-Pambre, xa teñen dado a coñecer a centos de persoas este lugar único e irrepetíbel.


A Ulloa é o lugar de nacemento do río Ulla, na Dorsal Galega. É esta unha comarca agrícola e gandeira, con moi pouca industria, como reflicte a súa paisaxe de prados, arborado, cultivos e monte baixo. Cunha poboación moi envellecida, a Ulloa conta, entre outras, cunhas posibilidades de desenvolvemento baseadas na transformación dos produtos da agricultura, a gandeiría e o monte así como nun turismo de calidade, enfocado cara un patrimonio natural e histórico/cultural de grande valía, ao que lle hai que sumar o camiño de Santiago que pasa polos concellos de Monterroso e Palas de Rei. O roteiro das Fervenzas do Ulla será unha peza fundamental para o turismo nesta comarca como imos ver.

## O ROTEIRO

O percorrido separa os concellos de Antas e Palas de Rei así como as provincias de Lugo e Pontevedra. Describimos dous roteiros, un de Frádegas a Ramil, río abajo pola beira dereita, e outro de Ramil a Frádegas polo Monte de Bidueido e O Chousco, pola marxe esquerda.

Se contamos con todo un dia para coñecer este lugar, recomendamos unha rota circular, Ramil-Frádegas-Ramil. Saindo de Ramil e subindo a Frádegas pola marxe de Agolada (percorrido segundo) e baixando pola beira das torrentes desde Frádegas a Ramil (percorrido primeiro). Desta forma, o desnivel de 100 metros nun kilómetro entre Ramil (350 m sobre o nivel do mar) e Frádegas (450 m sobre o nivel do mar) pódese

26 cerna



É más doado realizar o roteiro durante a estación estival, e aproveitar para tomar un refrescante baño nalgúnha das súas pozas

facer pola mañá, deixando o descenso para a tarde, cando xa se está máis canso. Nos dous lugares citados hai fontes e polo camiño mil paradas.

O roteiro de Frádegas a Ramil, con tres kilómetros aproximadamente, ten unha duración dunhas duas horas, podendo prolongarse máis tempo se quedamos a comer polo camiño á beira dalgunha das suas pozas, ou baixo as árbores no bosque de ribeira, algo moi recomendábel. De dificultade media e variábel segundo a época do ano, vólvese máis complicado no inverno, cando as Torrentes levan máis auga e son más abraiantes. As beiras teñen moito desnivel nalgúns tramos e, de chover, resultan esvaradizas. Será polo tanto máis doado percorrelo no verán, o que ademais permitirános tomar un refrescante baño nalgúnha das pozas. De todos os xeitos, a sua fermosura paga a pena en calquera época do ano. Recoméndase ir sen presas, con precaución, con bon calzado, en compañía, e mirando ben onde se pisa.

## ROTEIRO FRADEGAS-RAMIL

O roteiro comeza no Balneario de Frádegas, onde tamén atopamos o refu-

xio de pescadores. Ao Balneario de Frádegas ian os veciños da Ulloa e comarcas próximas a tomar as augas que nacen en varias fontes; estas son ricas en bicarbonato-sódico, sulfuradas e fluoradas, é dicir, posúen diferentes indicacións terapéuticas para o aparato dixestivo, a reuma e a pel, podéndose tomar bebidas ou en baños.

Segundo palabras de Xurxo Mourío, biólogo e veciño da zona, este espazo é un dos lugares de maior bravura e naturalidade da Ulloa, unha excelente representación de hábitats ligados a cursos fluviais e un interesante refuxio de especies de flora e fauna raras ou ameazadas, ademais de contar cunha espectacular paisaxe. Veremos unhas pinceladas do que nos podemos atopar na rota, mentres que as paradas a facer deixámolas a criterio de cada quen.

Cruzaremos por diferentes paisaxes; ao comezo camiñaremos pola beira do río entre un pequeno bosque de ribeira con bídalos e ameneiros, lugar onde atoparemos os primeiros páxaros, unha bandada de páridos no bosque de ribeira e uns merlos rieiros saltando dalgunha pedra



do río a unha raiz dun ameneiro ou merrullándose. Noutros lugares a beira do río será un lameiro, con freixos e salgueiros, onde podemos atopar cabaliños do demo, lavandeiras cincuentas e flores coma a primavera e o narciso. Nalgúns lugares teremos que deixar a beira do río pola dificultade do camiño, e subir algo para voltar logo á ribeira. Nestes tramos podremos observar o río dende o alto, momentos que nos ofrecerán unha perspectiva diferente; apreciaremos o encaixonamento do lugar, a fermosura do río baixo o bosque de ribeira, entre grandes penedos rodeados de toxos, carqueixas, uces e xestas brancas e amarellas. A maior parte destas matogueiras substitúen ás florestas de carballos, relegadas hoxe en día a certas ladeiras e valgadas, tras séculos de talas, lumes e pastoreo. Os bosques das torrentes do Ulla acollen numerosas plantas de climas suaves, inexistentes ou

moi escasas no resto da Ulloa, como o érbado, o abruñeiro ou a xilbarbeira.


Marcial, veciño que vive en Batán, donde se xuntan o Ulla co Pambre, fálanos das "Torrentes como fonte de vida". Tiñan estas un aproveitamento sen forte impacto, sustentábel diríamós hoxe. As Torrentes aportaban auga para catro muiños (nas duas marxes) e para dous batáns (alimento e vestimenta) e destas tamén obtiñan un aporte de peixe fresco capturado nas pesqueiras ou con nasas. Salmóns, lampreas ou anguias eran algunas destas especies, que desapareceron, logo de construirse o encoro de Portodemouros. Podemos parar a descansar, coméntanos Marcial, nalgunha das pozas, no pozo negro, na poza bran-

**Nas Torrentes, o Ulla aportou auga para catro muiños e para dous batáns, e peixe fresco capturado nas pesqueiras ou con nasas: salmons, lampreas, anguias... até que chegou o encoro de Portodemouros**

ca ou na do muiño e contemplar como a auga cae "a cachón".

Nestes momentos para recuperar folgos podemos ver pasar o martín peixeiro como unha veloz mancha azul difícil de identificar, ou atoparmos un inconfundíbel rastro de lontra nun penedo, ou unha salamántiga rabilonga. Muito máis difícil de ver é o rato de almibre ou aguaneiro, unha especie de toupa de auga ameazada de extinción, que gusta dos ríos limpos e osixenados.

Chegado un momento, atravesaremos uns prados abertos deixando atrás o río encaixonado, -saimos xa das torrentes-, e veremos unhas casas ao lonxe; entón, debemos deixar a beira do río e seguir o camiño. Xa co Ulla ás costas, temos á man esquerda o río Pambre, outro río de importancia na Ulloa. A menos dun km río arriba está o fermoso Castelo de Pambre, pero muito antes, ao chegar á estrada, apartaremos á esquerda e cruzaremos o río Pambre. Segundo pola estrada, camiñaremos cara a Batán -onde un pouco antes se xuntan o Ulla e o Pambre. Continuaremos de novo pola beira do Ulla, até atoparmos de novo unha ponte; cruzarémola e seguiremos polos agros de Ramil para chegar ao final do percorrido.



Ao remate desta rota, poderemos voltar polo mesmo camiño, ou pola outra beira do río, desta vez polo monte, rota que pasamos a describir.


#### ROTEIRO RAMIL-FRÁDEGAS

Esta rota -xa no concello de Agolada e provincia de Pontevedra- segue o curso do Ulla río arriba, deixándoo á nosa esquerda, non pola beira senón polo alto do "cañón" do Ulla, polo monte de Bidueido e O Chous. Se queremos ver o río teremos que deixar o traxecto principal e baixar por algún camiño á esquerda.

Nesta rota podemos atopar flora e fauna de monte baixo, xa que é esta a paisaxe dominante. No último tramo, antes de chegar a Frádegas, camiñaremos entre prados e carballeiras... a paisaxe más típica da Ulloa, antes de chegar de novo co balneario ao final do percorrido.

Nesta zona están a ser "descubertos" numerosos petroglifos, castros... grazas ao traballo de Cristina Varela, o que enriquece e valoriza ainda máis este espazo, algo que esperamos poder mostrar en Cernas vindeiras.

\*Ramsés Pérez, vocal de Educación Ambiental de ADEGA, traballou durante anos nun equipamento de educación ambiental da zona, guiando roteiros pola Ulloa. O autor agradece a colaboración de Xurxo Mouríño, Marcial Barral e Cristina Varela.



# RUTO: SOLUCIÓNS AO TRANSPORTE RURAL EN GALIZA

Miguel Pazos Otón\*

ARTS é un proxecto de investigación do Quinto Programa Marco da Unión Europea, que trata de poñer en funcionamento novas e innovadoras formas de transporte rural en áreas de baixas densidades de poboación. Unha das experiencias, coordinada en Galicia pola Xunta e a Universidade de Santiago, desenvolveuse no pasado ano 2003 con éxito na montaña ourensá, integrando os servizos de transporte escolar e regular de viaxeiros.

O proxecto ARTS (Actions on the Integration on Rural Transport Services), no que participa a Universidade de Santiago desenvolvendo tarefas de control de calidade e metodoloxía, foi financiado pola DG TREN (Dirección Xeral de Transportes e Enerxía) da Unión Europea. ARTS ten unha vixencia de tres anos. Comezou en Decembro de 2001 e rematará en Novembro do presente ano 2004.

O obxectivo do proxecto é ensaiar e comprobar a validez de novas formas de transporte en áreas rurais de baixa densidade, a través da posta en marcha de oito demostracións ou proxectos piloto noutras tantas áreas rurais de toda a UE.

Un destes proxectos piloto posto en marcha con éxito foi o denominado RUTO (Rural Transport Integration in the East of Ourense), desenvolvido en catro concellos da montaña ourensá e baseado na integración entre o transporte escolar e o regular de pasaxeiros.

## O PROXECTO ARTS NA UE

A Unión Europea está lonxe de ser un territorio homoxéneo no aspecto xeográfico. Os contrastes dende o centro (o Eixo Londres-Países Baixos-Sur de Alemaña-Milán) ata a periferia son notábeis, tanto dende os puntos de vista demográfico, económico como social. Nas periferias atopamos áreas caracterizadas polas baixas densidades de poboación e o escaso peso demográfico, o que se manifesta nunha estructura de poboación fortemente avelantada e a conseguinte ausencia de oportunidades de desenvolvemento económico. Son, en xeral, áreas regresivas, nas que o medio físico e a difícil accesibilidade teñen historicamente desempeñado un papel importante.

Todos estes factores, xunto co alonxamento dos principais centros de actividade económica rexionais e estatais, fan moi difícil a rendibilidade da explotación dos servizos de transporte

natureza: servizos de transporte á demanda, actuacións baseadas na difusión da información e novas tecnoloxías e, por último, actuacións baseadas no transporte escolar.


## A nivel da UE, as actuacións do proxecto ARTS baseáronse en tres factores: transporte á demanda, novas tecnoloxías da información, e uso do transporte escolar

colectivo. A clásica organización do transporte público mediante autobuses regulares en réxime de concesión a diferentes empresas de transporte revelase pouco operativa, debido aos reducidos ingresos que se derivan da venda de billetes.

Pero o certo é que a poboación destas áreas (composta maioritariamente por grupos sociais e de idade nos cales non está xeneralizado o automóbil) ten unha forte demanda de mobilidade, para realizar todo tipo de desprazamentos, por motivos de traballo, estudos, compras, ocio, saúde, etc.

O proxecto ARTS fai eco desta demanda de mobilidade básica (segundo o concepto belga, a necesaria para asegurar a viabilidade das actividades económicas e sociais) para o conxunto da poboación europea. Concebido como un "pilot and demonstration project", en ARTS elixíronse oito espazos europeos de menos de 10 habitantes por quilómetro cadrado para tratar de probar novas e imaxinativas formas de transporte rural.

Basicamente, as actuacións levadas a cabo encadráronse en tres diferentes grupos, pola súa



caso, a demostración desenvolveuse en colaboración cunha asociación de conductores voluntarios.

b) Actuacións baseadas no transporte escolar. O transporte escolar foi outro dos piáres empregados para introducir novas formas de transporte en áreas rurais de baixa densidade. No Val de Messara (Creta, Grecia) e en Keckszemét (Hungria), puxérонse en marcha servizos de transporte escolar que non existían previamente. Ademais, permitiuse o acceso de viaxeiros regulares. Isto fixo posíbel unha importante oferta de mobilidade básica aos habitantes das áreas de demostración.

No caso de RUTO (Ourense), que veremos máis adiante, o transporte escolar, que actualmente é garantido por lei aos alumnos de ensino primario, admitiu tamén viaxeiros regulares.

c) Actuacións baseadas na introducción das novas tecnoloxías nos servizos de transporte existentes. Isto fixose nunha demostración levada a cabo en Gales. Mediante a aplicación de software informático específico,

#### **A integración do transporte escolar e regular de viaxeiros permitiu unha maior mobilidade de grupos sociais como estudiantes, xubilad@s ou amas de casa**

difundiuse información en tempo real aos usuarios a través da mensaxería SMS e do teléfono convencional. Así, foi posíbel unha mellor planificación das viaxes e un aumento da utilización do transporte público. Por outra banda, ensaiouse a difusión da información en tempo real para facilitar as conexións entre autobús e ferrocarril.

#### **A ACCIÓN RUTO NA MONTAÑA OURENSÁ**

A acción RUTO levouse a cabo entre Xaneiro e Xuño de 2003 en catro municipios da montaña ourensá: Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Veiga e O Bolo. Todos eles son espazos moi pouco poboados que cumpren, igual que as outras áreas de demostración, os requisitos para falar de área de baixa densidade.

Trátase dunha área clásica de montaña en Galiza, caracterizada demograficamente en conxunto por

unha pirámide invertida. A emigración xeneralizada da poboación activa e o conseguinte predominio da poboación avellentada hipotecan o futuro destes espazos.

Por outra banda, o seu illamento físico e a distancia que a separa da capital provincial (Ourense, a máis de 100 kms) e da vila do Barco de Valdeorras, afondan ainda máis na marxinación da poboación residente, ao dificultar o acceso a bens e servizos concentrados nestes puntos urbanos dentro dun medio eminentemente rural. Dentro da área RUTO só Viana do Bolo aparece como un centro comercial e de servizos minimamente relevante, pero non tan sequera a el está garantida a mobilidade da maior parte da poboación.

A análise da situación previa concluiu que os servizos de liña regular eran moi escasos e, a grandes rasgos, non operativos. As baixas frecuencias ao longo da semana e a deficiente cobertura territorial foron detectados como factores negativos. Pola contra, o transporte escolar conformaba unha tupida malla que conectaba entre si a maior parte dos asentamentos coas capitais municipais, Viana do Bolo, A Veiga, o Bolo e Vilariño de Conso, onde se localizan centros educativos de Primaria. Tamén se tivo en conta ao sector do taxi, pouco numeroso e fortemente limitado en canto a posíbeis cambios, debido á existencia dunha regulamentación estricta.

Ante este escenario, como parte do proxecto, a Consellería de Educación e a Dirección Xeral de Transportes da COTOPV suscribiron un acordo mediante o cal se incrementaba un 25 % a capacidade dos autobuses que cubrían os servizos de transporte escolar. Ao mesmo tempo, aceptábanse pasaxeiros non escolares, integrando así os servizos de transporte escolar co regular.

#### **RESULTADOS POSITIVOS PARA TODOS OS SECTORES SOCIAIS**

RUTO levouse a cabo con resultados moi positivos. Estes servizos de transporte rural permitiron á poboación desprazarse máis frecuentemente ás cabeceiras municipais, ben aos centros de saúde, por motivos de xestións, de compras, etc.

Mención importante merece o caso dos estudiantes de ensino secundario.

Grazas a RUTO, puideron desprazarse diariamente na súa totalidade en transporte público ao instituto de Viana do Bolo. De implantarse definitivamente (o cal está na actualidade en estudo), RUTO permitiría fixar aos estudantes na súa comarca de orixe, evitando así a migración de poboación xoven cara Valdeorras ou á propia capital provincial. De feito, ainda que a maior parte dos usuarios de RUTO foron

#### **A metade dos usuarios de RUTO foron pensionistas, pero tamén tivo un efecto cualitativo sobre a poboación xoven, axudando a frear a sangría migratoria**

maiores de 65 anos (case a metade dos usuarios foron pensionistas), hai que destacar este importante efecto cualitativo sobre a poboación xoven, con consecuencias inducidas sobre o global da poboación polo feito de frearse a dinámica de sangría migratoria.

A avaliación da demostración entre os axentes implicados revelou non só a satisacción entre os usuarios, senón tamén entre os empresarios de transporte, que multiplicaron as expedicións e polo tanto os ingresos. O mesmo sucedeu cos taxistas que, lonxe de perder viaxeiros, incrementáronos debido a que cobrían parte das viaxes de volta dende as cabeceiras municipais.

A avaliación da demostración foi moi positiva, destacando a mellora da mobilidade entre grupos sociais como os estudiantes, os xubilados ou as amas de casa, todos xeralmente encadrados dentro da denominada "demanda cautiva".

\*Miguel Pazos Otón é Profesor de Xeografía Humana. Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela. Pza Universidade, 1º E - 15782 Santiago de Compostela. Correo electrónico: mipao@usc.es

Son participantes galegos en ARTS, ademais de Miguel Pazos Otón: Rubén C. Lois González, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago, e Xosé Inacio Palomares Rodríguez, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Xunta de Galicia.

Bibliografía: Páxina web oficial de ARTS: [www.rural-transport.net](http://www.rural-transport.net)  
Citas bibliográficas na versión electrónica do artigo ([www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org))

# A UTILIDADE DA BICICLETA

## NO TRANSPORTE URBANO E INTERURBANO

Xan Duro

Nos últimos anos estamos a asistir a unha explosión desmesurada da demanda de mobilidade que esta a converter o transporte nunha das principais causas da crise ecolóxica global e nun dos problemas fundamentais da nosa sociedade. As consecuencias están á vista: efecto invernadoiro, contaminación acústica, atmosférica e do chan, perda de calidade de vida nas cidades, incremento da accidentalidade, .... Cómpre dar un xiro radical na forma de entender o transporte, aplicando criterios ecológicos e de sustentabilidade na súa xestión. Neste campo, a bicicleta ten demostrado a súa utilidade polo que é preciso recuperar o seu papel central na mobilidade.

O desenvolvemento urbanístico difuso e espallado que caracteriza as nosas cidades e vilas está a significar un incremento moi importante na cantidade e distancia dos desprazamentos necesarios para atender as nosas necesidades laborais, sanitarias, de ocio e de estudos das persoas. O alto prezo da vivenda dentro das cidades obriga a grandes grupos de poboación a vivir fora do espazo urbano onde realiza a súa vida cotián. Así mesmo, as dinámicas laborais están a xerar unha importante mobilidade forzada de persoas entre as poboacións da nosa xeografía que centralizan a actividade económica. Este feito é particularmente importante na costa atlántica galega onde as dúas grandes áreas urbanizadas como son o Golfo Ártabro (A Coruña - Ferrol) e as Rías Baixas (Pontevedra - Vigo) concentran unha grande porcentaxe da poboación galega.



Un exemplo claro destes dous elementos é a cidade de Compostela e a súa área de influencia. Os municipios veciños teñen medrado moito nos

últimos 15 anos (municipios como Ames incrementaron a súa poboación nun 80%) tanto polo asentamento de habitantes no núcleo principal de poboación como nas urbanizacións de vivendas unifamiliares ou adosadas no seu contorno rural, mentres que o censo da poboación da capital permanece praticamente estancada. Santiago de Compostela concentra o 90 % da actividade económica da comarca pero só o 60 % da poboación segundo datos recollidos no Plano Estratégico da Cidade. Así mesmo, o 70 % dos veciños e veciñas dos municipios limítrofes teñen o seu traballo en Compostela.

Estes factores, xunto con outros de tipo socioeconómico e político, entre eles a hexemonía do automóbil como ferramenta de transporte e obxecto de consumo, son os que explican os crecientes problemas de tráfico e colapsos circulatorios que estamos a presenciar no entorno das nosas

An advertisement for the Natural Park of Baldaio. On the left, there is a logo for the 'Concello de CARBALLO' featuring a stylized green tree and the text 'concello de CARBALLO'. The main text 'BALDAIO' is written in large, bold, green letters, followed by 'unha zona natural' in blue. The background of the advertisement is a photograph of a wetland area with water, reeds, and a cow grazing in the foreground. The overall theme is environmental and natural.

cidades, e porqué o transporte motorizado é un dos factores principais de degradación medio ambiental e un dos maiores contribuíntes as emisións de CO<sub>2</sub> a atmósfera que provocan o efecto invernadoiro.

## O TRANSPORTE INTERMODAL

Hoxe en día, un dos conceptos máis repetidos no eido do transporte é "intermodalidade", e dicir, a posibilidade de empregar distintos medios de transporte para completar un traxecto. A UE, no seu Libro Branco sobre transporte indica que "No ámbito do transporte de pasaxeiros, pódense realizar melloras considerábeis para facilitar as condicións de viaxe e as transferencias modais, que seguen sendo un auténtico quebredeiro de cabeza. Séguese a disuadir ao viaxeiro de empregar varios modos de transporte para unha mesma viaxe".

Particularmente, este concepto estase a empregar para definir distintas combinacións de transporte público, automóbil e avión mediante a creación de "estacións de transferencia" de pasaxeiros e mercadorías entre un modo

**Non abonda con sustituir  
automóbil por transporte colectivo:  
hai que incluir os modos de  
transporte non contaminantes  
nun lugar prioritario**

e outro, a construción de aparcadoiros nos arredores das estacións para facilitar esta intermodalidade, etc. Voltando ao Libro Branco da UE, "Débese fomentar a instauración de sistemas de billete único (que garantan a transparencia das tarifas) entre compañías ferroviarias, ou entre modos de transporte (avión-autocar-trasbordador-transporte público-aparcamentos) para facilitar o paso dunha rede ou dun modo de transporte a outro. Algunhas compañías ferroviarias ofrecen xa, como nos Países Baixos, un servizo integrado "tren+táxi" co mesmo billete".

Este tipo de medidas baséanse na premisa de que a combinación optimizada dos distintos modos de transporte "oficiais" (lease automóbil, tren e avión) permitirá diminuir dun xeito importante o transporte rodado das estradas, particularmente o uso de automóbeis. Agora ben, dende un punto de vista ecolóxico non abonda con este



A bicicleta foi o principal transporte privado na primeira metade do século XX, sendo exemplos a Comarca de Ferrolterra, Vigo ou Monforte de Lemos. Na fotografía bici-aparcadoiro na Praza da Ferreiría de Pontevedra (1964).

transvase entre automóbil e transporte colectivo. Hai que incluir os modos de transporte non contaminantes nun lugar prioritario dentro do esquema da intermodalidade, apoioando con medidas fundamentalmente urbanísticas o seu emprego. Velaí o lugar de debe ocupar a gran esquecida nos novos planos de mobilidade: a bicicleta.

## A BICICLETA: MITOS E REALIDADE

A bicicleta foi o principal transporte privado na primeira metade do século pasado, sendo a Comarca de Ferrolterra, Vigo ou Monforte de Lemos claros exemplos do seu uso mesmo ate os anos 70. A irrupción do automóbil rematou por afastala a ámbitos lúdicos e deportivos. Dende entón, as tímidas

iniciativas de promoción da bicicleta sempre toparon coas mesmas argumentacións contrarias, a maior parte delas baseadas en "mitos" facilmente rebatíbeis e outras, áinda que verdade até certo punto, atópanse moi sobrevaloradas por quen non emprega a bicicleta.

Segundo un pouco a clasificación destes factores realizada por Julián Blanco<sup>3</sup>, podemos sinalar como principais eivas atribuídas á bicicleta as seguintes:

**Distancia, pendentes e lentitude:** Un das máximas obxecións ao uso da bicicleta é o esforzo físico e o tempo do traxecto que implica. Polo contrario, diversos estudos<sup>4</sup> teñen demostrado que en comparativas de traxectos porta a porta entre os distintos modos de transporte, a bicicleta é a más rápida para traxectos de menos de 5 km. Até 8 quilómetros o automóbil é únicamente catro minutos máis rápido. O problema das pendentes e o esforzo físico, agás casos moi excepcionais, é

**En traxectos porta a porta de menos de 5 km, a bicicleta é o modo de transporte más rápido; en traxectos de 8 km, o automóbil só consegue quitarlle 4 minutos**



fundamentalmente unha cuestión de técnicas de conducción e de manexo dos cambios de marchas, ademais do tipo de pavimento polo que discorra o itinerario.

**Factores climáticos adversos:** É evidente que as condicións

metereolóxicas teñen unha importancia determinante na elección da bicicleta para desprazarse nun momento dado. Agora ben, esta é unha das eivas sobrevaloradas da bicicleta. Hoxe en día hai prendas para o auga e frío de suficiente calidade como para permitir unha conducción cómoda da bicicleta nestas condicións. Países como Holanda, Dinamarca ou Alemaña teñen condicións metereolóxicas más extremas e acadan cifras de viaxes en bicicleta que centuplican as do noso país

**Pouca capacidade de transporte:** Cunhas alforxas nos laterais, unha bicicleta permite levar con comodidade 10 kg ou máis de carga, sen unha especial condición física. Axuntando un remolque pode chegar aos 45 kg. De calquera xeito, rara vez transportamos máis aló de 4 / 5 quilogramos, carga perfectamente viábel nas alforxas.

**Falla de seguridade:** Este é máis unha sensación psicolóxica de perigo por desprotección, xa que como dato a seguridade é obxectivamente maior que co automóbil. Pero é certo que como requisito paralelo ao desenvolvemento da bicicleta como medio de transporte, débese traballar en garantir a súa seguridade ben mediante carrís segregados ou ben creando espazos de convivencia de tráficos.

Agora ben, tamén hai argumentos de moito peso que a sinalan como unha ferramenta de transporte axeitada para as nosas cidades polos grandes beneficios que ofrece en distintos campos:

**Beneficios ambientais:** Mínima contaminación atmosférica, do solo e acústica: É xunto con camiñar, o modo de transporte ecolóxico por excelencia.

**Beneficios urbanos:** Axuda a desconxestionar as cidades, recuperándolas como contornos con calidade de vida. Reduce a presencia de automóbeis promovendo indirectamente o transporte público ao axudalo a aumentar a súa eficacia. As infraestructuras requieren moito menor mantemento e aumenta o espazo urbano dispoñíbel: unha bicicleta ocupa 6 veces menos espazo que un automóbil tanto en circulación como aparcando.

**Beneficios en saúde:** O exercicio físico suave e continuado que supón a bicicleta xunto coa redución dos índices de contaminación redunda nunha mellora xeral da saúde da poboación.



A normalización do uso da bicicleta significa aceptala como modo de transporte cotián válido para persoas de calqueira idade.

**Beneficios socias:** É o vehículo democrático por excelencia, valido para calquera idade: estímase nun 10 % a poboación que por condicionantes físicos non podería empregala. Dota de maior autonomía á xente máis nova permitíndolle acceder aos servicios e equipamentos polo seu propio modo de transporte, liberando asemade ás súas familias da necesidade de transportalos. Ofrece un medio de transporte barato a aqueles grupos sociais que non poden acceder a un automóbil.

**Beneficios económicos:** Reduce a dependencia das enerxías fósiles. Reduce o número de horas perdidas en atascos e os gastos sanitarios derivados das afeccións causadas pola contaminación<sup>5</sup>. Evita a construción de grandes infraestructuras urbanas para o automóbil (aparcamentos). Libera gastos familiares ou persoais ata o de agora hipotecados no coche.

A bicicleta ten viabilidade como transporte cotián para a xeralidade da poboación, fundamentalmente en distancias menores de 10 km. Agora ben, combinada co transporte público permite atender distancias maiores, cubrindo as necesidades de traslado de grande parte da poboación. Estes son os dous piarez básicos para a integración da bicicleta nun sistema de transportes: o uso autónomo (urbano ou rural) e o uso combinado.

#### A BICICLETA URBANA: MEDIDAS QUE FAGAN POSÍBEL O SEU USO

En Europa efectúanse uns 50 millóns de traxectos diarios en bicicleta, o que

supón un 5% do total. Esta cifra é superior en países como Dinamarca (un 18%) ou Holanda (un 28%). Nestes mesmos países, a cifra media de km por persoa/ano é de 936 e 848 km respectivamente<sup>6</sup>. No Estado español é de 20 km por persoa/ano.

O incremento no número de traxectos en bicicleta, aproveitando así as súas múltiples vantaxes no contorno urbano, esixe a adopción de medidas encamiñadas en dúas direccións: a preparación das infraestructuras necesarias para garantir un desenvolvemento do traxecto nas condicións axeitadas e a preparación da mentalidade necesaria para asumilos, tanto nos/as posíbeis ciclistas como no resto dos usuarios da vía pública.

O primeiro paso é dotar a cidade dunha rede coherente de traxectos nos que a bicicleta teña preferencia. É dicir, unir os distintos puntos polarizadores da mobilidade (centros de estudio, ocio, comerciais, etc.) con percorridos delimitados e sinalizados para bicicleta, que teñan en conta as pendentes, as distancias e o firme. Isto non significa dotar de carril-bici específico a todas as rúas, dado que moitas delas non teñen o suficiente espazo. O vial específico pode substituirse con sinalización vertical e/ou horizontal avisando da preferencia da bicicleta nese percorrido e contribuíndo a reducir a velocidade do tráfico motorizado, sen excluílo. A delimitación de carrís-bici naqueles traxectos no que sexa posíbel facilitará

a iniciación ao "ciclismo urbano" de moita poboación ao incrementar a seguridade. Esta rede ciclable deberá publicitarse para o coñecemento xeral da poboación, non so dos/as ciclistas senón tamén dos usuarios/as de vehículos a motor.

Dentro desta rede, son de grande importancia os espazos específicos para aparcar as bicicletas. As condicións de seguridade (iluminación, visibilidade, etc.) terán unha importancia definitiva no atractivo do uso da bicicleta. Na medida do posíbel deberían estar cubertos e situados, como mínimo, en todos os espazos públicos que atraian poboación.

En segundo lugar, cómpre traballar a concienciación da cidadanía ao respecto da bicicleta, tanto na promoción do seu uso como do seu lugar de pleno dereito dentro das rúas das cidade. Precisamos

#### **O uso autónomo urbano ou rural e o uso combinado co transporte público son os dous piarez básicos para a integración da bicicleta no sistema de transporte**

dunha "educación da mobilidade" que ensine en primeiro lugar a responsabilizármonos das consecuencias dos nosos patróns de mobilidade, xerarquizando en función delas os modos de transporte a empregar nun momento dado. En segundo lugar, que promova unha educación vial baseada no respecto e a convivencia, substraendo a compoñente de agresividade que semella imbricada nos dominios do tráfico, como en tantos outros aspectos da vida.

#### **A BICICLETA E A INTERMODALIDADE**

A cotianeidade do fluxo diario de persoas entre núcleos de poboación importantes e entre estes e a súa comarca, abre un espazo onde a bicicleta ten unha función fundamental como parte dunha proposta global de intermodalidade. A combinación de

bicicleta e transporte público permite cubrir axeitadamente as necesidades de mobilidade da maior parte da poboación e na meirande parte das situacións. Neste senso, cómpre diferenciar dous aspectos desta funcionalidade: a de conexión cos nodos intermodais e a de continuidade do traxecto ciclista entre cidades.

En relación ao primeiro, a bicicleta pode cumplir perfectamente a función de vehículo de conexión entre a vivenda e a estación/parada de tren ou autobús que conecte coa poboación de referencia. Habitualmente estas estacións-paradas están (ou deberían de estar) nunha verdadeira rede de transporte público) a curta distancia do domicilio, factíbel de percorrer en pouco tempo coa bicicleta. A promoción deste uso da bicicleta precisa das mesmas medidas mencionadas anteriormente: preparación de itinerarios específicos e promoción/educación. Neste caso é quizais ainda más importante a seguridade no aparcamento da bicicleta. Os elementos de seguridade, e mesmo de abrigo do vehículo, serán peza clave na aceptación da súa viabilidade para este cometido. Países como Italia, Alemaña, Holanda, e Dinamarca, entre outros, teñen grandes espazos dedicados ao aparcamiento de bicicletas nas estacións, situando tamén talleres de reparación e aluguer no mesmo recinto.

En relación ao segundo, para dar continuidade ao traxecto ciclista entre cidades cómpre facilitar o transporte de bicicletas nos trens e autobuses. A posibilidade de empregar os maleteiros e/ou barras porta-bicicletas nos autobuses darían continuidade aos traxectos ciclistas superiores aos 5/8 km facilitando a mobilidade en distintos espazos zonais e a conexión entre eles. Hai abondosos exemplos deste tipo de solucións "técnicas": as cidades de Toronto<sup>8</sup> (Canada), Hannover (Alemaña) ou Waterloo (Gran Bretaña) entre outras contan con este tipo de medidas nos autobuses.

Ao respecto dos trens, a habilitación dun espazo específico para bicicletas en todos os trens sería unha medida imprescindible. Este espazo tería que dotarse das posibilidades de amarrar necesarias, así como de accesos doados (amplitude de portas e situación a nivel de plataforma). Así mesmo, as estacións terían que habilitar ascensores e/ou rampas no caso necesario para acceder con facilidade á parada do tren. Estas medidas serían tamén de gran utilidade para as persoas con discapacidades, nomeadamente aquelas que se despracen en cadeira de rodas.

#### **CONCLUSIÓN**

A solución dos problemas ecolóxicos e de sustentabilidade inherentes á mobilidade e aos modos de transporte pasa pola recuperación e a priorización da bicicleta e o hábito de camiñar. A organización espacial das cidades ten que se reordenar cara a dimensións factíbeis para estes dous modos de desprazarse, promovendo os espazos urbanos con funcionalidades mixtas. Cómpre investir en infraestructuras e medidas que favorezan un contorno adecuado para o uso seguro da bicicleta, como paso parellelo á súa difusión. Calquera gasto realizado neste ámbito verase compensado con rapidez tanto economicamente como en calidade de vida pola reducción de contaminación, a diminución dos gastos sanitarios e de infraestructuras e polo aumento do atractivo do espazo urbano como lugar de socialización. A combinación da bicicleta cun transporte público eficaz e socialmente equitativo (en liñas, frecuencias e vehículos) extende a súa viabilidade ao ámbito interurbano. A combinación de ambos permite cubrir as necesidades de desprazamento da meirande parte da poboación, reducindo en gran medida o emprego superfluo do automóbil e colaborando a estructurar unha sociedade verdadeiramente sustentábel.

**cafe-bar**



**a medusa**  
praza salvador parga nº 1

O TRABALLO DE ADEGA 500 DIAS DESPOIS

# MAREA NEGRA DO PRESTIGE

Xabier Vázquez e Martiño Nercellas

Certo é que lonxe estamos das imaxes nas que se acumulaba o chapapote por metros e km de costa, pero a situación actual segue a ser mala. A marea negra segue a tinguir rochas, coídos, e algunas praias ano e medio despois. As consecuencias de calquera grande marea negra móstranse maiormente no longo prazo, e co Prestige está a acontecer algo pronosticábel, como a diminución na taxa de reproducción e aparición de malformacións nos organismos dos niveis tróficos inferiores. A magnitude dos procesos de bioacumulación e danos subletais que se preven para as especies de maior tamaño só se coñecerán mais tarde. Compre denunciar, por tanto, a ambigüidade dos informes dalgúns centros de investigación, sobre todo dos adscritos á Consellería de Pesca. Non podemos permitir que o esquecemento borre a necesidade de respuestas á nefasta xestión da catástrofe do Prestige.

## A SITUACIÓN ANO E MEDIO DESPOIS

As autoridades pouco aprenderon da marea negra do Prestige en canto a control e vixianza do tráfico que cruza frente as nosas costas, pois se non, difficilmente se entende coma non se poido averiguar a procedencia dunha marea negra que chegou entre o 3 e 4 de abril, e que afectou a maioria das enseadas comprendidas ao longo de 80 km de costa entre Carnota e as Cíes, deixando un testemuño claro do seu impacto: 500 aves vivas recollidas nun tempo récord e estimándose en 5000 as afectadas.

Ano e medio despois, 20.000 toneladas de fuel (case 1/3 do recollido) atópanse á deriva, 14.000 t nas entrañas dun barco situado no Banco de Galiza a 3.500 metros de profundidade, e 90.000 mil toneladas de residuos impregnados de fuel, descoñecéndose o tratamento que se lle vai dar.

En Galiza están a traballar unhas 300 persoas na descontaminación da costa, número que consideramos insuficiente. A Costa da Morte, principalmente entre Camariñas e Fisterra, e Carnota, seguen a concentrar o maior número de puntos de contaminación visible, pero esta exténdese tamén ao litoral rochoso de Porto do Son, Ribeira, e diferentes puntos do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Na costa Cantábrica participan outras 300 persoas en tarefas de vixianza e descontaminación.

Os coídos situados en Aguiño (Ribeira), Lariño e Costa da Cabra (Carnota), e moitos dos presentes en Muxía e Camariñas son os que contan con maior presencia de fuel. Este percorreu entre os bolos facéndose moi com-



Sistema dunar de Arnela (Fisterra). Abril e maio de 2004. No mes de agosto de 2003 ADEGA presentou ante o Comisionado do Prestige de Medio Ambiente, dentro da súa liña de asesoramiento, numerosos plans e informes de restauración ambiental, entre eles varios para este espacio.

plexa a súa recuperación. Na praia de O Rostro (Fisterra) e na de Nemiña (Muxía), cando cadra baixa mar coas mareas vivas, as paleadoras desenterraron toneladas de chapapote. A hidrolimpeza segue en diferentes puntos do sustrato rochoso do litoral, e a técnica de biorremediación empregada nas Illas Cíes extendeuse a case totalidade de zonas rochosas manchadas, agardando que solucione o que non se poido facer por outros medios, pero que ainda así non evitara a presencia do fuel durante varios anos.

## A RESTAURACIÓN

ADEGA segue a visitar periodicamente os diferentes puntos afectados da costa incrementando a súa base de datos, o que permite coñecer con detalle e de primeira man o grado de afectación e a súa evolución. Durante os últimos meses poidemos constatar o inicio dos primeiros plans de restauración das

zonas afectadas, e en moitos deles refléxase o traballo de asesoramento realizado durante varios meses por ADEGA, que despois de entregar máis de 60 informes de propostas de actuacións e restauracións, vemos como se traducen en res-

**Estase a dar unha diminución significativa da semente de mexillón, ourizo e percebe, especies comerciais, o que pode gardar relación co suceso do Prestige**

tauracións axeitadas que atenden a criterios ambientais e á Directiva de Hábitats. A Costa da Morte está a centrar estas tarefas e nos últimos dous meses elimináronse varias pistas creadas a raíz do Prestige e das que se temía a súa consolidación. Igualmente retiráronse dos camiños o material de refugallo que servían coma capa de rodadura, arranxando firmes, reducindo significativamente os anchos, e favorecendo

máis drenaxes. As dunas están sendo restauradas e estase a eliminar antigos accesos a vehículos, e o caso máis clamoroso observámolo nas dunas de Arnela (Fisterra) onde a restauración está a ser completa e cuns resultados más que satisfactorios. Co inicio dos proxectos de restauración, ADEGA detectou unha serie de importantes eivas, caso da introducción de plantas de duna procedentes doutras zonas da península, canalizacións de regatos en dunas, pasarelas e sendas peonís en ecosistemas fráxiles de grande valor: ADEGA propuxo novas medidas de rectificación que foron aceptadas.

Durante varios meses fixoselle ver ao Comisionado a necesidade de cambiar o proceder dalgúns das actuacións de descontaminación ao resultar estas agresivas e perjudiciais para o medio. Neste sentido insistimos en que se puxeran en contacto con diferentes grupos de investigación da universidade que tiñan experiencia neses eidos. Estes contactos derivaron finalmente na elaboración de protocolos de actuación máis axeitados e respetuosos. Como exemplo xurdiu un plan de protección da píllara papuda, de medidas de restauración e descontaminación de dunas, protección das poboacións de plantas ameazadas, protocolos de traballo sobre descontaminación e recollida de fuel en coídos e substrato rochoso, na vixiancia da chegada de animais varados, ou propostas de mellora paisaxística no remate das obras de restauración executados.

#### O IMPACTO NA FAUNA DAS ZONAS ROCHOSAS DO INTERMAREAL

Co motivo dos 500 días do accidente do Prestige presentouse un informe sobre a afectación da marea negra na fauna das zonas rochosas do intermareal, encargado por ADEGA a un grupo de investigación da USC. O documento tivo un importante eco nos medios de comunicación, foi fundamental para facilitar a comprensión da problemática da polución e persistencia

dos hidrocarburos no tempo aos eurodiputados da Comisión Mare, suscitou unha serie de respuestas de responsábeis de organismos dependentes da Consellería de Pesca que veñen a demostrar que a situación actual dalgúns das especies comerciais non é de normalidade, e foi demandado con moito interese por parte

**En abril de 2004, unha nova marea negra afectou á maioría das enseadas entre Carnota e as Cíes, deixando unhas 5000 aves afectadas, e sacando a luz a incapacidade das autoridades para averiguar a procedencia e determinar responsabilidades**

de varias confrarias. A principal cuestión que fai referencia o documento é a detección dunha diminución significativa das poboacións de varias especies comerciais (semente de mexillón, ourizo e percebe) que pode gardar unha relación directa co suceso do Prestige, indicando a necesidade da realización de estudos rigurosos a longo tempo para poder clarificar o alcance do impacto sobre o medio mariño, estudos que na actualidade son obxeto de todo tipo de impedimentos por parte da Xunta e no seu momento polo goberno de Aznar.

#### AS ADMINISTRACIÓN LOCAIS

Outra liña de traballo aberta afonda na necesidade de implicar ás administracións locais do litoral na responsabilidade de que teñen na conservación e xestión do seu patrimonio natural. A primeira experiencia realizada, dentro dunha serie de actuacións programadas para outros concellos, foi a realización dunha proposta técnica de recomendacións para a mellora e integración ambiental do vial do cabo Vilán até Santa Mariña. Coñecida a intención do Concello de Camariñas ao respecto, xestionáronse varias xuntanzas para facerles chegar as nosas súxestións e as de catro grupos de

investigación da USC, as cales están a ser estudiadas, existindo xa informes favorábeis.

En liñas xerais o proxecto propón a restauración de todo o contorno da pista atentando a criterios da Directiva de Hábitats e a posibel designación coma espazo da Rede Natura 2000, reducindo significativamente o ancho da pista, eliminando algúns treitos de zonas sensíbeis, ordenando o tránsito e estacionamento dos vehículos, e dándolle prioridade ao acceso peonil e a calidade da paisaxe. É, neste e noutros sentido, un logro importante que cada vez se fala máis da Rede Natura 2000, ferramenta fundamental a que temos recorrido unha e outra vez.

#### CONCLUSIÓN

A recuperación da nosa costa depende de que non caia no esquecemento. Se por algúns fora, toneladas de chapapote quedarian agochados entre as rochas, ou debaixo da area. Queda unha contaminación non visible, causada polas sustancias químicas tóxicas e persistentes que foron vertidas, e uns 300 puntos de chapapote que supoñen un importante reservorio de contaminación local. A bioacumulación nos organismos, principalmente nos de maior nivel trófico, pode traducirse nunha lenta pero contínua perda de biodiversidade e calidade dos nosos mares.

A decisión e forte aposta que fixo ADEGA no momento de afrontar a crise do Prestige, mostrando a súa disposición de dialogar e colaborar con todos os organismos implicados, desembocou nunha participación activa e fixo posibel unha achega importante á mellora da recuperación e restauración do medio afectado. Ao mesmo tempo, mantívose e favoreceu unha liña de información rigurosa, detallada e inmediata sobre os problemas da marea negra, de denuncia, e de asesoramento, como foi exemplo a actuación de ADEGA na comisión de investigación europea.



DESCONTOS A SOCIOS DE ADEGA

Rúa San Pedro, 23 • 15703 Santiago de Compostela  
Teléfono e Fax 981 580 260



TARASCA  
Entremuros, 13  
Compostela - Galiza

Teléfono: 981 572 154

# A COMISIÓN "MARE" DO PARLAMENTO EUROPEO

Xabier Vázquez Pumariño e Martiño Nercellas Méndez

Ao contrario das antidemocráticas decisións dos parlamentos español e galego, o homólogo europeo aprobou a creación da comisión temporal MARE sobre seguridade marítima, non sen dificultades, posibel ao cabo polo posicionamento a favor de diputados liberais e algúns demócratas cristiáns, que se desmarcaron dos seus compañeiros españoles de grupo. O informe do Parlamento Europeo é un éxito da exemplar mobilización social do pobo galego, á que tamén se ten contribuído dende as organizacións ecoloxistas.

Foi decisivo o informe do diputado liberal Dirk Sterckx, pero todo comezara muito antes, en xuño de 2003, cando ADEGA elaborou, á petición da diputada verde, Marie Anne Isler Begin, un primeiro documento sobre a situación do litoral galego, centrado nas afeccións e danos aos espazos costeiros da Rede Natura 2000 en Galiza.

A Comisión arrancou no mes de decembro de 2003 coa comparecencia, entre outros de Raul García, responsable de pesca de WWF/ADEGA. Continuou en xaneiro coas intervencións de Felipe Louzán, profesor da Universidade da Coruña e capitán da mariña mercante, e como experto en transporte marítimo Xabier Vence, profesor da Universidade de Santiago de Compostela, en representación da Plataforma Nunca Máis. A esta sesión acudiron membros de ADEGA, que estableceron uns primeiros contactos con diferentes membros do Parlamento Europeo.

Xa en febreiro, ADEGA entrevistouse en Bruxelas con representantes de todos os grupos políticos, incluíndo os demócratas cristiáns (o PP Europeo). A todos eles expuxémoslle o noso punto de vista sobre diferentes aspectos da seguridade marítima en relación co medio ambiente que se asentaron sobre 3 puntos fundamentais:

1. A marea negra do Prestige, e todos os vertidos de hidrocarburos, non son un accidente mariño máis, xa que incluen hidrocarburos aromáticos policíclicos, extremadamente tóxicos e con graves efectos sobre a vida mariña, incluso en baixas concentracións, áinda que invisíbeis a corto prazo.

2. Consecuentemente os efectos das mareas negras haberá que seguios a moi longo prazo, dotándose de mecanismos e procedementos claros de control dos efectos cunha perspectiva europea,



O Rostro (Fisterra) 5 Abril de 2004. O documento aprobado no parlamento europeo menciona que na actualidade o fuel segue a estar presente nas costas de Galiza. Un exemplo téromo na praia de O Rostro onde se están a retirar grandes cantidades de fuel localizados no intermareal.

o que permitirá medir os efectos a longo prazo.

3. Chamamos a atención sobre os efectos sobre a Rede Natura 2000, moi danada a consecuencia do afastamento do buque (dispersión da marea negra vs concentración). Tan só en Galiza hai 22 Lugares de Interese Comunitario danaos. Esta cuestión débese ter en conta a hora de xestionar buques en perigo e a hora de dotar aos espazos litorais de medidas de protección axeitados. Igualmente tamén terá que ser tida en conta á hora de definir as "zonas de refuxio", tal e como recolle a lexislación comunitaria.

O acollemento recibido polos diferentes grupos foi excelente, incluíndo o da representante francesa do PPE, François Grossetête, que nos invitou a enviarlle as nosas alegacións ao Informe e se desmarcou duramente dos seus compañeiros españoles de grupo; os membros españoles do PPE mantiveron unha actitude chulesca e a defensiva que contrasta coa educación e cortesía que se vive no parlamento de Bruxelas.

Tamén se lles fixo entrega dos seguintes informes, que posteriormente

serían incluidos na web do Parlamento Europeo e na páxina da Comisión:

"*O Prestige, un ano despois*" (en inglés), documento elaborado por ADEGA.

"*Impacto sobre os LIC de Galiza do vertido do Prestige*". Documento elaborado pola FEG avaliando os impactos sobre a futura Rede Natura 2000.

"*Efectos da marea negra provocada polo verquido do petroleiro Prestige sobre a fauna intermareal e sublitoral asociada a substratos rochosos*". Documento preparado para ADEGA por un grupo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela no que se constatan graves danos sobre mexillón, ourizo e percebe (fundamentalmente) e as múltiples deficiencias habidas sobre a xestión da marea negra en relación a este medio.

No mes de marzo envíanse sete informes descriptivos aos eurodeputados e eurodeputadas sobre a situación que nese intre áinda se está a vivir no litoral galego. Así mesmo envíanse máis dunha ducia de emendas e varias propostas de modificación ao borrador de dictame da Comisión que estaba a ela-

borar Sterckx. Algunhas destas enmendas e suxestións foron recollidas no informe final. Neste sentido, agradecemos particularmente a receptividade ás nosas propostas por parte da deputada Rosa Miguélez (PSOE), do Grupo Socialista, e do deputado Camilo Nogueira (BNG), do Grupo Verdes/Alianza Libre Europea, así como de Ana Miranda e Gianluca Solera que contribuíron de xeito decisivo ao noso traballo.

O día 18 de marzo foi aprobado o informe do ponente Sterckx, para ser sometido a votación final no Europarlamento onde se aprobou o día 22 de abril.

ADEGA valora satisfactoriamente o Informe do Parlamento Europeo sobre Seguridade Marítima, por ser unha Comisión de Investigación europea sobre a catástrofe do Prestige, e polas medidas positivas que contén. Como comisión de investigación, ainda que encoberta baixo a denominación da Comisión MARE tras as fortes presións mediadas polo PP español, as súas conclusións son determinantes, e así, o Europarlamento sanciona firmemente o comportamento e a actuación das autoridades españolas e galegas durante a crise, particularmente sobre o afasta-

mento do buque cara ao "máis alá" e salienta a persistencia actual de contaminación nas nosas costas, feito negado reiteradamente polas autoridades galegas e do antigo goberno estatal.

Por outra banda, entre as medidas positivas destaca a solicitude da inmediata inclusión na rede Natura 2000 dos espazos propostos do noso litoral, e a adopción de planos de recuperación ambiental para estas zonas afectadas. A análise e mellora da seguraza do tráfico marítimo, principalmente frente as costas Europeas, deparou o resto do contido da comisión MARE, con propostas pouco novedosas e xa recollidas na lexislación existente, polo que o problema segue a radicar na manifesta falta de vontade dos Estados membros para aplicá-las rigorosamente. Ainda así, cómpre destacar moi positivamente propostas como a ampliación da responsabilidade a todo o entramado societario do transporte marítimo e ás autoridades públicas responsábeis da seguridade marítima ou a inclusión dos bens sociais e colectivos sen uso comercial relativos ao patrimonio natural e á súa biodiversidade coma indemnizábeis no caso de se veren danados por accidentes marítimos.

## Pessoas e grupos cos que ADEGA mantivo entrevistas

- Rosa Miguélez Ramos, do Grupo Socialista. Vice Presidenta da comisión.
- Dirk Sterckx, membro do Grupo Europeo Liberal e poente do informe que deu lugar á comisión.
- Willhelm Ernst Piecyk, do Grupo Socialista, vicepresidente da comisión.
- María Luisa Bergaz Conesa do Grupo Esquerda Unida Europea.
- François Grossetête, representante francesa do Grupo Demócrata Cris-tián (PPE).
- Camilo Nogueira (BNG), representante do Grupo Verdes/Alianza Libre Europea.

## Outras entrevistas:

- Barbara Woodburn. Responsable de IFAW en Europa.
- Antonio Fernández de Tejada. Servicios xurídicos da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea.



## ANDARES POR GALICIA CAMIÑA CON NÓS Sendeirismo fácil

Saída: Rotonda de Santa Cristina - 9h.

Chegada: 21h.

Nota: as rotas poden ser modificadas por causas varias.

Información e inscricións: Centro de Información

Xuvenil A Fábrica

Teléfono: 981.63.65.98.

## ANDARES POR GALICIA

- 7 Febreiro FERROL - Castelo de San Felipe
- 22 Febreiro Serra da Faladoira - Feira do grelo (As Pontes)
- 6 Marzo VÍA DA PLATA - Monumento natural, Lalín
- 24 Abril CAMIÑO DE Fisterra: Negreira - Cee - Casa Museo
- 8 Maio O Xistral - Mondoñedo - Brañas e turbeiras de montaña
- 5 Xuño Roteiro Verde
- 26 Xuño Monforte de Lemos - Gundivos, Ribeira Sacra
- 17 Xullo Roteiro Sorpresa
- 14 Agosto Carnota - Fervenza de Ézaro
- 18 Setembro "Memoria dun neno labrego" - Fundación Neira Vilas
- 6 Novembro La Maragatería (León): Rota gastronómica

## CAMIÑA CON NÓS Sendeirismo fácil

- 31 Xaneiro Toques - Centro de interpretación
- 27 Marzo CAMIÑO FRANCÉS (Melide - Arzúa) Museo de Melide, Museo da Mel
- 29 Maio Serra de Montouto - Parque Sotavento
- 20 Novembro O Farelo - Mercado de Agolada
- 11 Decembro Lugo - Museo provincial, Muralla e Casco histórico

Concello de Oleiros



# O FRACASO DAS POLÍTICAS DE AFORRO ENERXÉTICO

Fernando Blanco Silva\*

A enerxía é un problema serio nos nosos días. Nos últimos vinte anos vivimos tres guerras causadas polo petróleo (Irán-Iraq, Invasión de Kuwait-Guerra do Golfo, e Invasión do Iraq) e as empresas enerxéticas cada vez teñen máis forza en todo o mundo. As Crises do Petróleo de 1973 e 1979 fixeron que os países pensaran no aforro enerxético e nas renovábeis como unha solución para evitar a oleodependencia. A partir dos anos 90 os países con maior consumo comezaron a modificar as súas políticas enerxéticas, con intención de reducilo e promover o uso das enerxías renovábeis, pero estas políticas continúan a fracasar, situándonos diante dun futuro incerto.

Este fracaso refíctese nos datos da táboa 1. En 1990 os países con maior consumo enerxético eran os Estados Unidos, Federación Rusa, a Unión Europea e China. Dez anos despois esta estructura manteñese, áinda que a evolución non é igual, a tendencia xeral é á alza. Dos países estudiados, os únicos que teñen unha tendencia á baixa son os afectados pola caída do bloque económico do COMECON (Federación Rusa, Ucrania, e Polonia) e tamén Alemaña. Nos primeiros non hai preocupacións medioambientais senón que o desmembramento comunista causou o peche de fábricas e a diminución do poder adquisitivo da poboación, co resultado da caída do consumo industrial e doméstico. En Alemaña hai unha tendencia á baixa debida tanto á reunificación con Alemaña do Leste (R.D.A) como á maior conciencia ambiental. O resto dos países tiveron demandas alcistas na década dos 90, sendo os más destacados a República de Irlanda, Turquía, Irán, Bangladesh, Corea do Sul, Filipinas, India, Indonesia, Paquistán e Tailandia, coincidindo todos eles nunha década de especial desenvolvemento industrial.

Respecto ao consumo per cápita anual, non debemos esquecer as grandes diferencias existentes: Estados Unidos, con 8.2 tonealdas equivalentes de petróleo (tep) por persoa e ano, presentan o maior consumo, seguidos de Xapón (4.1 tep/persoa), Federación Rusa (4.4 tep/persoa), Corea do Sul (4.2 tep/persoa) e a Unión Europea (3.9 tep/persoa). Coa excepción da Federación Rusa, nos outros países o consumo enerxético vai ligado ao poder adquisitivo e a unha estructura socio-económica altamente dependente da mobiliadade e o transporte motorizado. Pola contra, na Federación Rusa as tecnolo-

xías existentes son moi pouco eficientes enerxeticamente. Globalmente, os países que menos consumen tamén padecen dun escaso desenvolvemento

industrial e de baixo benestar económico, como son Bangladesh, India, Filipinas e Paquistán (todos por debaixo de 0.3 tep/persoa).

Táboa 1: Consumo de enerxía primaria e evolución na década dos 90 en diferentes países

	Consumo en Millóns de toneladas equivalentes de petróleo (Mtep)	1990	1995	2000	Variación porcentual (%)	Consumo per cápita (tep/ano)
Ano		1990	1995	2000	1990-2000	2001
USA	1.957,0	2.101,8	2.287,4	17%	8,2	
México	102,2	111,3	131,0	28%	1,3	
Brasil	118,7	142,3	177,3	49%	1,1	
Alemaña	349,8	333,1	330,5	-6%	4,1	
Austria	26,9	28,5	31,5	17%	3,9	
Bélxica e Luxemb.	54,7	56,7	66,4	21%	5,9	
Dinamarca	16,9	20,2	18,8	11%	3,5	
España	91,0	100,5	129,2	42%	3,3	
Finlandia	23,2	23,1	26,0	12%	5,1	
Francia	219,0	235,7	254,8	16%	4,3	
Grecia	24,3	26,7	31,8	31%	2,8	
Holanda	76,3	82,7	86,5	13%	5,5	
Irlanda	8,7	10,2	13,9	60%	3,9	
Italia	154,7	162,4	176,4	14%	3,1	
Portugal	16,0	19,0	23,6	48%	2,3	
Reino Unido	211,5	214,4	222,2	5%	3,8	
Suecia	27,1	27,9	29,4	8%	3,5	
UE 15	1.324,2	1.363,3	1.460,2	10%	3,9	
Polonia	105,7	96,4	88,4	-16%	2,2	
Turquía	47,2	60,1	73,7	56%	1,1	
Federación Rusa	873,0	668,1	640,3	-27%	4,4	
Ucrania	272,5	147,8	132,6	-51%	2,6	
Irán	70,0	93,3	115,0	64%	1,8	
Egipto	32,9	36,4	47,8	45%	0,7	
Bangladesh	6,7	9,9	12,6	88%	0,1	
China	685,8	857,4	804,7	17%	0,7	
Corea do Sul	90,3	148,6	191,1	112%	4,2	
Filipinas	13,9	19,6	22,6	63%	0,3	
India	193,4	252,4	313,3	62%	0,3	
Indonesia	53,1	73,5	93,8	77%	0,5	
Xapón	435,3	293,8	515,9	19%	4,1	
Paquistán	26,8	36,4	42,1	57%	0,3	
Tailandia	29,5	52,4	62,4	112%	1,0	

O consumo total no mundo, en 2001 foi de 9.300 Mtep. Os países incluídos na táboa representan o 95% dese consumo.


Fonte: B.P. Statistical Review of World Energy, xuño 2002



## A ESTRUCTURA ENERXÉTICA ESPAÑOLA

O Estado español tivo un comportamento similar ao resto de países da UE. Ao principio da década dos 80 houbo unha intención clara de evitar a oleodependencia mediante o aforro enerxético e o impulso das renovábeis, segundo indican os sucesivos Planos Enerxéticos Nacionais. Algunhas medidas que se tomaron foron a subvención para os investimentos en renovábeis, abono de primas para os produtores de enerxía renovábel ou subvencións para a mellora da eficiencia e o aforro enerxético.

Aínda que as axudas foron importantes a estrutura apenas cambiou nestes vinte anos. A presencia das



renovábeis segue a ser pequena, e en términos absolutos apenas variou; instaláronse moitos aeróxeneradores, pero a produción renovable segue a ser fundamentalmente de enerxía hidráulica. A tendencia do consumo foi en todo momento á alza, cada ano se consumiu máis enerxía primaria que o anterior, e a suma de enerxías fósiles más nuclear aumenta. O gráfico adxunto explícano con claridade.

### ¿E O FUTURO?

Obxectivamente, só Alemaña foi capaz de reducir o consumo, sen mermar o benestar social. Por outra banda, as enerxías renovábeis non se mostran capaces de competir coas enerxías clásicas (fósiles e nuclear). Un exemplo é que en Galiza o Kwh de enerxía solar fotovoltaica ten unha prima da orde de 36 céntimos e as subvencións poden chegar ao 50% do investimento inicial, pero aínda así son escasas as instalacións existentes porque tardan anos en

rentabilizarse. Outro exemplo é a produción de enerxía eléctrica de orixe eólica: pese á continua implantación de aeróxeneradores, en 2001 unicamente o 3% da electricidade producida en España proviña desta fonte, mentres que o 19% tiña orixe hidroeléctrica e un 27% nuclear.

Todo indica que o problema da enerxía é moi difícil de resolver mentres que os gobernos non se atrevan a presionar ás multinacionais para frenar esta espiral. Hai máis de cen anos que se coñece que a forza do aire pode producir enerxía eléctrica e a tecnoloxía apenas avanza; podemos seguir instalando miles de MW cada ano, pero mentres que non se abarate o prezo do kW.h seguiremos dependendo da produción nuclear e de enerxías fósiles.

\*Fernando Blanco Silva é Enxeñeiro Industrial e profesor de Sistemas Enerxéticos do I.E.S. Chan do Monte (Marín)

16/1 - 14/12  
4 HDs

GRUPO  
DV A R

A OLIVEIRA

Rural Trelles, S.L.

A Oliveira  
Castiñeiro do Lobo  
Tapia  
Rivas  
Vilalba  
Santiago


ALVARELLA  
ecoturismo

Turismo e Natureza

- ❖ Aula de natureza
- ❖ Actividades de educación ambiental
- ❖ 60 prazas no ALBERQUE e 8 na CASA
- ❖ Turismo cultural
- ❖ Rutas de senderismo
- ❖ Obraiores
- ❖ Xogos ambientais
- ❖ Xogos tradicionais
- ❖ Hórto ecológico
- ❖ Enerxías renovables
- ❖ Piscina
- ❖ Pista deportiva
- ❖ Servizos concertados de piragüismo, vela e cabalos

Breanco Dorrujo s/n 15637 Vilormaio A Coruña  
Tlf./fax 981.79.88.63 info@alvarellia.com  
[www.alvarellia.com](http://www.alvarellia.com)

Achégate ó Parque Natural das Fragas do Eume



# A CASA DA MOURA

rua da barreira 9 a coruña

Panificadora

• Xosé Nercellas •


"Máis de 50 anos cocendo  
pan e empanadas  
en forno de leña"

R/F, nº7 - 36500 Lalín

Teléfonos: 986 780 309 - 986 780 281

Polo que pasou, polo que pasa,

polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, más que nunca

"HOY POR HOY" Iñaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre..

Agora más que nunca. Cadea SER.

A boa radio.



A CREDIBILIDADE do Nº1

[www.cadenaser.es](http://www.cadenaser.es)

16  
o-dezaseis

• Casa de Xantar •

Rúa de San Pedro, 16  
15703 Compostela

Teléfonos  
981 564 880  
981 577 633

16  
o-dezaseis

• Casa de Xantar •

# A VOZ DOLORIDA E TRANSCENDENTE DE GÓMEZ ALFARO (I)

Emilio Xosé Ínsua

Ocuparémonos nas seguintes dúas entregas da nosa sección da poesía dun autor meritorio e prolífico, posuidor de bon oficio e inspiración fecunda, embora probablemente pouco coñecido aínda no panorama da poesía galega contemporánea: Xosé Carlos Gómez Alfaro.

Nado en 1949 no bairro das Chabolas, en Ribadavia, estudiou Xeografía e Historia na Universidade compostelá e exerce desde 1978 como profesor de secundaria no Colexio dos Somascos de A Guarda. Inaugurou a súa traxectoria poética en Bilbao, en 1969, co volume *De rodillas*, para axiña instalarse no cultivo do galego e, despois de longos anos de escrita en silencio, salferidos así e todo por unha manchea de premios e recoñecementos en certames poéticos de rango menor, dar ao prelo os poemarios *As labaradas da lembranza* (Mancomunidade do Baixo Miño, 1996), *Matria da néboa* (Eds. do Castro, 1997), *Os ciclóns do sino* (1997), *Alba plena de alén* (Ed. Espiral Maior, 1997), *Ofertorio de solpores* (Ed. Espiral Maior, 1999) e *Alén do lume* (Ed. Espiral Maior, 2002).

As claves temáticas fundamentais da poesía de Gómez Alfaro resultan diáfanas: a preocupación polo destino comunal galego; a dor inmensa e sen consolo pola morte dun fillo (Carlos) aos oito anos de idade; o amor pola súa compañeira Rosa Berta; o diálogo (non exento de sufrimento, de dúbida e mesmo de imprecación) coa Divinidad... Ao lado destas liñas básicas aparecen coxunturalmente outras de menor fuste, que predominan en poemas circunstanciais e composicións escritas ad hoc para determinados certames e efemérides.

Para abordar os asuntos definidores do mellor da súa poesía, para tecer os seus coidados textos e para construír as súas fermosas imaxes, Gómez Alfaro bota man con frecuencia de elementos e visións da natureza, o que fai que a súa obra, sen obedecer pristinamente a un impulso ecoloxista ou a unha inspiración ecológica, manifeste no entanto unha presenza continua e salientábel de ingredientes relacionados coa realidade medioambiental.

No seu primeiro libro en galego, *As labaradas da lembranza*, o noso poeta amósase absolutamente condicionado do punto

de vista temático pola trágica experiencia da perda dun fillo de oito anos de idade, chamado Carlos. Nestes poemas, moitos deles sonetos de versos hendecasílabos que foron redixidos desde certa distancia temporal a respecto da infesta hora, Gómez Alfaro consegue alambicar e quintaesenciar esa terrible dor, a ferida da ausencia e o desgarro emocional vivido para convertelos en versos de vibrante beleza que encerrán profundas reflexións existenciais, sempre transidas de amor e de nostalxia. A dicción elexíaca domina estes poemas intimistas, dun intimismo aflito, doentío, continuamente evocador e, por veces tamén, desoladamente imprecador.



## MATRIA DA NÉBOA



A lo largo do libro, as dolorosas lembranzas son definidas como espigas lastimeras, liques, silvas e desvalidas folerpas, ainda que tamén se alude a elles como videiras inmorrentes que lle dan ao poeta a certeza de que o seu fillo está na gloria. O vástago morto é asimilado sempre con criaturas de natureza pequena e fráxil, como os paxaros: lavandeira do alén grave, benigno verderol do paraíso, merlo de etéreas cerdeiras, cotovía... O seu relembró brilla, dinos o autor, "noite e día diamantino / nos concheiros da cova da memoria", mais na alma do poeta, maiormente, "aniñan invernias anoitecidas / que conxelan os gromos e as entrañas" e o seu espírito vive "no agre musgo onde purgo", poboados de "tantos corvos coma ortigas" e de "cobras que me colman os silencios de pezoña".

O poemario que citamos tamén inclúe, non obstante, algúns versos de exaltación para as terras ourensás e para as do Ribeiro, baseados no recurso da acumulación toponímica (nomes de ríos e de montañas):

Ó dicirmos Ourense, ¡qué lembranzas!  
Miño, Limia, Sil, Mao, Arnoia, Avia,  
Barbaña, Barbantiño, Bibei, Támega,  
cantaraxeira sangue das valgadas.

Ó dicirmos Ourense, ¡qué recordos!:  
Manzaneda, Trevinca, velllos gromos;  
acíos, burgas, mosteiros, pontes, ouros,  
pantanos, fidalguías, luz, namoro (...)

En *Matria de sombra*, unha boa parte dos poemas describen con dor e indesimulado pesimismo a Galiza tardo-franquista, presentada como un "cemiterio de bolbo-retas", como un páramo envolto en "chuvia feudal" e en "néboas de probeza", como unha grea de "ben pouco más tres millóns de sudras / dicindo amén ós lobos". Os explotadores e caciques son retratados como "lesmas da vida" e como "alacráns e bestas / que traen as mans cheas / de noites e de escravos", entanto a dor e o padecemento do pobo son medidos polo poeta pola vara dalgúns emblemáticos montes e ríos do país:

Que todo quede á vista,  
que vexan todos todo:  
eses Silleiros de miseria  
desafiando os ceos;  
eses Suídos afónicos  
de tanto maldicir os deuses;

eses Miños e eses Ullas  
colonias doutros colonos.

Esta visión desolada, patética e desesperanzada sobre o estado do país, visto como paisaxe que se viste de esqueletes e de víboras, resúmea perfectamente, cun reiterado emprego de símbolos ben transparentes, o poema "Nada":

Nas cavaduras, cobras;  
nos prados, sal e forcas.  
Vinagre polas hortas  
e polos días hostias.  
Nos eidos, nada, nada;  
nas mans aixadas cansas,  
forcados polas albas  
e pola historia bascas.  
E lonxe, cemiterios  
de soidade e cemento,  
carballeiras de medo,  
soños no cadaleito.  
Nada, nada. Só vento.

No poema "Lindes", Gómez Alfaro insiste na mesma liña, outorgando a determinados elementos da natureza, animados ou non, valores simbólicos de negatividade que se complementan cos achegados no poema por outros de índole tamén non positiva e que remeten para unha paisaxe de terror "gótico": determinadas doenzas (lepra, sarna...), certos elementos arquitectónicos (labirintos, gárgolas, canles...), etc.:

Ó norte hai un volcán de escravitude,  
unha selva de lázanos morrentes  
e unhas ás polo vento feitas fume.

Ó sur, un arquipélago de serpes,  
unhas vides de lepra e mais de sarna,  
un enxame de angustias verdecentes.

Ó leste, un labirinto e unhas gárgolas  
vomitando parásitos e cruces,  
anegando as penúltimas palabras.

Ó poñente non hai nada, só lume,  
un lume polas canles das entrañas  
que non apaga mentres queden ubres.

Mudando o terzo temático, achamos en Matria de sombra poemas de exaltación de determinadas bisbarras e localidades do país coas que o autor ten intimos vencellos: o Ribeiro e Ribadavia, por unha banda, e o Baixo Miño e A Guarda, por outra. No poema "Mar infame" o poeta solidarízase coas viúvas dos mariñeiros guardeses e impreca o océano neste termos:

Cala ti, minotauro  
das ondas e dos sales,  
deus da vida e da morte,  
satán das tempestades.

Cala ti, Poseidón,  
Neptuno ingobernable,  
peixe-espada asasino  
ou tiburón infame.

Cala ti, vil tridente,  
sanguesuga insaciante,  
faraón dos abismos,  
correúdo rumiante.


Cala e durme, meu mar,  
e non zugues más sangue  
e non segues más lúas  
nin más bágoas arranques.

Cala e non rosnes, durme,  
que ben redes rachaches  
e tinguiches de tebras  
A Guarda cos teus lances.

Cala tí, minotauro,  
cabalo de soidades  
e de esperanzas vivo.

¡Cala e devala, infame!

Tamén merece ser salientado o canto de Gómez Alfaro á festividade do San Xoán, en que combina habilmente referencias a lendas ancestrais con mencions a numerosos elementos panteístas que subxacen, mesmo a día de hoxe, en moitos dos ritos que conforman a mentada celebración:



Na noite de San Xoán  
andan a baila-las fadas  
polos ríos, polas fontes,  
por citanias e por mámoas.  
Hai mouras que se peitan  
nos espelliños das augas,  
galos cantando cantigas  
en urbes asulagadas;  
campás da Antioquia límica

cun chorar cheo de rabia;  
galiñas e pitos de ouro  
nas covas e mais nas gándaras;  
demachiños nos regatos  
pescando peixes de prata

\*\*\*\*\*

Nesta noite, meus irmáns,  
contra meigallos e sarnas  
e contra a esterilidade  
chapuzádevos no Támega,  
no Lérez ou no Tamuxe  
ou na praia da Lanzada,  
que quen ás doce se atreve  
a mete-los pés nas augas  
non ha sufrir mais doenças,  
nin feitizos, nin desgracias.  
E se tendes mal de amores  
e tamén sarabulladas  
recollédeme co orballo  
e pasádeas pola cara  
herbas dos nosos lameiros  
que son a mellor farmacia.

\*\*\*\*\*

No berce da noite malva  
lumeiradas e fogueiras  
e cachelas polas rúas,  
por prazas, montes, aldeas.

Hai que queimar ben pra sempre  
tanta curuxa perversa,  
tanto alacrán, tantas cobras  
e tantas cruces das veas  
que fan falta moitos feixes  
de rosa, romeo, amenta.

¡Que todos ardan no lume! (...)

Para rematar, son dignos de referencia os poemas que Gómez Alfaro dedica neste seu Matria de sombra a determinadas árbores, como a cerdeira (emperatriz das hortas, noiva de marzo fiel); a determinados froitos, como a cereixa (lapa tentadora) e a determinadas flores, como a camelia, en honra da que escrebe o seguinte soneto:

Salve, emperatriz alba da invernada  
sangue dos samurais, vetusta aurora  
de hortas, pazos, pagodes, e cantora  
de silencios e lúa inusitada.

Salve, sinxela e casta lapa alada  
que o merlo troca en paz embriagadora;  
berciño dos pardais, templo que adora  
a brétema bribona e namorada.

Salve, fada doméstica vermella,  
mesiánico veludo ó ventimperio  
que vence o xelo, a sombra e toda lousa.

¡Salve, camelia nosa, estrela vella,  
e segue festexando ese adulterio  
en Vigo, Pontevedra e mais Arousa!

# TEMPOS


NOVOS



Para a defensa  
informativa  
de Galiza

Á VENDA EN QUIOSCOS E LIBRERÍAS

SUBSCRICIÓN: Rúa dos Porróns, 8 - 2º · 15705 Santiago  
Por teléfono: 981 557 119  
Por fax: 981 557 117  
Por e-mail: [tempos@jet.es](mailto:tempos@jet.es)



Fotografia: Alberte SR

COMO UNHA ÁRBORE ABRAZA-ME  
A SOMBRA QUE O PASADO VIVE  
NESTE MESMO ESTAR AQUI, AGORA,  
ESPERANDO, PRESENCIANDO A ÚNICA  
PRIMAVERA EXTENSA QUE PRODUCE:  
ASI VIVA EU DE SOMBRA E ÁGUA  
CO MESMO FLORECER DE ETERNIDADE,  
DANDO, AO FIN, O FROITO LENTO  
AO SOL DENSO DA VERDADE.